ARQUEOLOXÍA/MEMORIAS 6

CASTRO DE BAROÑA

Campañas 1980/84

FRANCISCO CALO LOURIDO
TERESA SOEIRO

XUNTA DE GALICIA/CONSELLERÍA DE CULTURA E BENESTAR SOCIAL
DIRECCIÓN XERAL DE CULTURA E PATRIMONIO HISTÓRICO · ARTÍSTICO
Servicio de Arqueoloxía

ARQUEOLOXÍA/MEMORIAS 6

CASTRO DE BAROÑA

Campañas 1980/84

FRANCISCO CALO LOURIDO
TERESA SOEIRO

XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERIA
DE CULTURA
E BENESTAR SOCIAL

DIRECCIÓN XERAL
DE CULTURA
E PATRIMONIO HISTÓRICO - ARTISTÍCO

Conselleiro de Cultura e Benestar Social:
Alejandrino Fernández Barreiro

Directora Xeral de Cultura
e Patrimonio Histórico Artístico:
Raquel Casal Garcia

Coordinación:
Servicios Técnicos de Arqueoloxía
da Dirección Xeral de Cultura
e Patrimonio Histórico Artístico

Deseño Gráfico: Permuy

© Xunta de Galicia
Francisco Calo Lourido
Teresa Soeiro

Depósito Legal: C - 470/86
I.S.B.N: 505 - 3341 - 4

Imprime: «LOPEZ TORRE»
Real, 4 Santiago, 3 y 12 Telf. 43 00 57
Pontedeume

EXCAVACIONS ARQUEOLOXICAS NO CASTRO DE BAROÑA (PORTO DO SON, A CORUÑA). CAMPAÑAS DE 1980-1984

FRANCISCO CALO LOURIDO
TERESA SOEIRO

I.— LOCALIZACION

O CASTRO DE BAROÑA é un xacemento encadrado no ámeto norde da Cultura Castrexa, na área que despois da conquista e ocupación romana chegará a ser coñecida como Convento Xurídico Lucense, ca capital en **Lucus Augusti.** Xeográficamente atópase ubicado na península do Barbanza, que separa a Ría de Muros e Noia da da Arousa (Fig. I e II); trátase dunha lingua de terra duns 34 Kms. de lonxitude por unha anchura máxima de 20 Kms., con alturas que chegan ós 685 m. do monte Iroite, onde se instalou unha estación DECCA e un radar de seguidamento do Exército do Ar, ós 640 do Alto do Barazal, ós 618 de Os Forcados, etc. A parte superior da Serra forma unha extensa penichaira cunha altitude de 500-550 m. Todas estas características morfolóxicas convírtenna nunha gran mole que penetra no Atlántico, cunha caída en talude que chega até os 22° na cara Sur. Unha estreita franxa —cun mínimo de 1,5 Kms. de ancho e un máximo de 3 Kms.— bordea o macizo, marcando e deliñando a costa e ascendendo até un máximo de 100 ms. sobre o nivel do mar. É precisamente nesta esquifa superficie onde se asentan os principais núcleos de población e onde ten lugar a actividade agrícola, cunha paisaxe de agras que tende a desaparecer para dar paso ó cultivo en terrazas, favorecida polos pequenos vales que regan os ríos Beluso, Coroño, Pedras e Barbanza, Maior, Sieira, Quintáns, etc., corsos de auga de abondoso caudal que teñen as súas fontes na serra.

As zonas medias están ocupadas por piñeiros e arcolitos, entramentras que a parte superior da serra atópase cuberta polo toxo e tapices de gramíneas de primaveira e outono que manteñen un tradicional gandarío de vacas bravas e greas de cabalos en réxime de total libertade (1).

Toda a costa está recortada por areales: Testal, Ornanda, Aguieira, Caveiro, Subiglesias, Fonforrón, A Arnela, Area Longa, As Furnas, Espiñeirido, Corrubedo, Cabío, Coroso, Barraña... Tres lagoas con saída ó mar —Xuño, Basoñas e sobre todo a de Carregal, na que non fallan as lendas de cidades asulagadas misturadas co ciclo carolinxio—, completan a franxa costeira.

A xeoloxía do Barbanza presenta bandas alternas de pedras de gran gnésicas de dúas micas, gneis glandulares feldespáticos ("ollo de sapo") e xistos micáceos orientados en sentido NW-SE (2). Dende o ponto de vista minerolóxico compre salientar as minas de wolfran e estaño de San Fins (Lousame), no arranque oriental da serra, e de Boiro na cara Sul, amais de outra, hoxe pechada, da que os veciños contan que se teñen atopado muíños de pedra, e situada a un Km. do Castro de Baroña.

Polo que respecta a climatoloxía da Serra, encadrada no dominio templado de tipo atlántico, presenta variedades significativas asegún se trate da costa da Ría de Muros e Noia ou da Arousa, con predominio lóxico dos ventos do primeiro e cuarto cadrante na primeira e afectada polos do Sul na segunda, ofrecendo tamén fortes contrastes entre as terras baixas cunhas precipitacións arredor dos 1.000 mm. frente ós 2.600 mm. do alto; as temperaturas medias son da orde dos 12° con extremas de 34° e 0,5°.

O xacemento ocupa a chamada "Punta do Castro" ou "Castro de Baroña", na parroquia homónima do concello de Porto do Son (Coruña). As súas coordenadas son: Lonx. W 5° 20' 40" e Lat. N. 42° 41' 45", asegún a folla n.° 119 NOIA do mapa topográfico e catastral.

Accédese a él pola estrada que vai da capital do concello cara a Ribeira, recorrendo por ela aproximadamente 4,3 kms. e desviándose logo á direita por un camiño de carro, enlousado en treitos, que vai descendo uns 600 ms. até morrer no mesmo castro. Onde se colle o camiño hai un aparcamento que, tendo en conta o grande número de visitantes, nesta altura xa ven quedando bastante esquifo.

O xacemento ocupa a totalidade dunha península de 22.622 m.², cun eixo máximo do recinto de 235 m., cun cativo istmo areado barrido dun lado ó outro polos golpes de mar das marusías do inverno e cuns cantiles de cara ó oeste, a banda mais traballada polo mar, que chegan a acadar unha outura máxima de 25 m. A súa morfoloxía e, pois, a habitual dun asentamento costeiro, defendido na súa meirande parte polo propio mar, detalle éste a ter en conta á hora de defender a hipótese que exporemos encol da función das murallas dos castros. Tamén os materiais que proporcionaron as excavacións concordan cos atopados noutros asentamentos costeiros desta mesma etapa cultural.

Contexto arqueolóxico

Resultaría moi extenso, e cecais non sea este o lugar doado para facer un estudio polo miudo da arqueoloxía do Barbanza, pois por sí soio sería merescente dun traballo específico feito, non ó vello estilo de enumeración de xacementos, indicando a súa concreta ubicación, medidas e folklore, senón interpretado segundo os criterios actuais do que debe ser unha carta arqueolóxica: un serio estudio no que, especificado o solar xeolóxico e as sucesivas variacións climáticas, se vaian ubicando os distintos

emplazamentos, tendo en conta o diferente aproveitamento dos recursos que o territorio ofrece ás xentes que van desenrolando a súa actividade vital no mesmo. Coidamos que, se ben o Barbanza, pola súa condición de península ou territorio pechado e fondo de saco cunha gran cantidade de variables, ainda non recibeu ese tratamento científico, temos a obliga de, polo menos, enumerar algúns dos seus xacementos máis significativos.

Nada hai prospectado —atémonos ás publicacións— sobre a existencia dun Paleolítico na zona, se ben moi perto do castro que nos ocupa, na Cova de Fonforrón, teñen aparecido uteis líticos, dos cales descoñecemos o seu actual paradeiro (3). Tamén moi perto, na praia de Caamaño, foron atopadas unhas lascas por un dos que suscribe e o profesor Vázquez Varela.

O megalitismo está representado de abondo tanto nas terras baixas da franxa litoral como nos chans do alto da serra. Remitimos ós lectores ó vello traballo de López Cuevillas (4), e citamos simplemente as mámoas que xa lle tiñan chamado a atención ó Padre Sarmiento na zona de Bretal, as de Oleiros, as atopadas entre Bealo e Cespón, no camiño de Corrubedo a Oleiros, perto de Ponte Brea, en Rianxo (algunhas destas últimas excavadas fai anos, pero ainda sin publicar); os grandes dólmenes de Cova da Moura (Argalo), fai uns anos consolidado por membros da Sección de Arqueoloxía e Prehistoria do IEGPS do CSIC., Chan do Barbanza, Casota do Páramo, Arca do Barbanza; o tan conocido dolmen de Axeitos, dunha feitura curiosamente semellante ó non menos famoso de Dombate, cantado polo noso gran poeta Pondal; as mámoas dos Chans de Raña, do Cruceiro de Ramona en Montemuíño, de Moldes, etc. Entre os achados ornamentais destacan as adoas aureas do Chan do Barbanza (Cures), citadas xa dende López Ferreiro (5).

Non faltan os exemplares da arte rupestre, como os xa desgraciadamente desaparecidos de Axeitos, a carón do antes dito dolmen, con figuras de cérvidos, e os conservados na zona Sul da península (6). Na banda norde e cecais por estar menos prospectada e/ou pola boa calidade da pedra, o que motivou que desde sempre houbera canteiras que proporcionaron pedra mesmo para as obras de Compostela, e ainda hoxe algunha delas, como a de Monte Pequeno na parroquia onde está o castro que nos ocupa, segue a ser moi cotizada polas peculiaridades escultóricas das súas rochas de gran; por todo eso cecais teñan desaparecido os posibles petroglifos que alí poidera haber. Soio temos noticia dunha "Fonte Santa" adicada a S. Vicente, patrono da parroquia do concello de Porto do Son, onde aínda se conserva un podomorfo; outro semellante foi fai pouco destruído na "Fontiña", nunha Carballeira na que se seguen a realizar romaxes os luns de Pascua (curiosamente no lugar non hai mais sinais de cristianización que ese xa desaparecido podomorfo). Falamos de cristianización porque asegún a tradición S. Vicente, ó baixar do ceo, puxo un pé, que quedou insculturado ó tempo que unha fonte escomenzaba a deitar agua, na "Fonte Santa", o outro pousouno con idénticos resultados na "Fontiña", e a terceira e derradeira pegada estaría, sempre segundo a tradición, debaixo do lugar que ocupa a súa igrexa.

Non ignoramos a dificultade da interpretación cronolóxica e significativa dos petroglifos, e ainda máis do motivo citado; do que non temos dúbida e de que os antes ditos podomorfos son producto dunha acción antrópica, opinión refrendada por canteiros da zona. Non profundizamos máis neste tema por considerar que pertenece máis a un traballo antropolóxico pola ritualización cristiana de algo posiblemente prehistórico, que a unha síntese arqueolóxica dunha memoria de excavacións.

A cultura castrexa está relativamente ben representada, mais pola contra insuficientemente investigada. Amais do castro que nos ocupa tan soio citaremos o de O Neixón, que coidamos dunha vital importancia para o coñecemento dos inicios do mundo castrexo nos seus entronques co Bronce Final (7) e do que non aventuramos nada, malia a nosa participación nas súas derradeiras excavacións por respecto á propiedade intelectual do director dos traballos; mais sí facemos votos pola súa rápida publicación, que virá clarexar moitos pontos aínda escuros no tránsito do Bronce ó Ferro. Outros xacementos castrexos foron expoliados clandestinamente, como é o caso do de Porto Nadelas (Queiruga), semellante na súa configuración e nos seus materiais ó de Baroña, do que queda perto, pechando polo sur a praia de Area Longa; podemos citar tamén os castros da Enxe, Taúme, S. Lois, As Pardiñas, etc... Non fiamos mais polo miudo nesta cuestión por estar todos eles sin excavar, e por faltar, como antes dixemos, unha verdadeira carta arqueolóxica que nos dea unha visión racional da ocupación deste territorio do Barbanza.

Pola pouca fiabilidade das fontes, tampouco imos facer fincapé na ocupación romana; pois á falta de miliarios ou outros epígrafes non consideramos oportuno o traer a este traballo as referencias á posible vía romana que por Cures cruzaba o Barbanza, bifurcándose logo para baixar un ramal cara a Nebra e o outro, por Udres (topónimo suxerente) en dirección ó castro de Baroña, para finalmente continuar xuntos de novo cara a Noia (8). Na Xeografía de Carreras Candi (9) temos noticias de restos de mosaicos en Portosín (Porto do Son); outros achados illados foron mencionados xa dende o Padre Sarmiento. Tan soio nos imos ocupar un pouco máis polo miudo de dous epígrafes achados na parroquia na que o castro está ubicado, ou con casi absoluta certeza un deles na veciña de Queiruga. Ambolas dúas pezas teñen abondosa

bibliografía, mais non coidamos inoportuno, por tratarse dos únicos epígrafes atopados perto do castro de Baroña, retomalos na presente memoria (10).

De un deles, unha ara adicada a Diana (CIL II, 5638; IRG III, 18; ILER, 334), actualmente no museo de Pontevedra, a primeira nova que temos e que J. Villamil y Castro lla mandou a Hübner no ano 1889 sin citar a procedencia, decindo tan soio que a tiña recibido duns amigos. Fita (11) explicita máis: "se halló cerca de la iglesia parroquial (sc. de Baroña) y quizá se bajó de la cima de la meseta, donde pudo existir un templo a Diana". Casto Sampedro (12) di: "se halló colocada sobre una fuente: la recogió y depositó en el museo el ilustrado médico D. Joaquín López de Soto"; noutro traballo volta a mentar a fonte "a orillamar" e engade "junto a trozos de alfarería y un tintero (sic)".

Posiblemente non exista contradicción ningunha nestas versións, pois efectivamente, a carón da igrexa de Baroña ainda hoxe hai unha fonte e ámbalas dúas non están moi afastadas do mar. A hipótese de Fita de que tivera sido baixada da meseta, como él mesmo dí, é unha simple conxetura.

As lecturas propostas até a presente, da autoría do profesor Pereira, son as seguintes:

F. Acuña et alii (13): **Dian (a)e / Venat / rici ar (am) / po (suit) Ur / et (ius) Faus / tinus / ex pr (aeda) / victor (iae) / s (uae) pro s / alu (te) sua.**

P. Piernavieja (14) segue ás IRG III e á Acuña até a liña 6, mais propón outro nome persoal: IRG, **Uret (inus ?)**, Acuña, **Uret (ius)**, Piernavieja, **Uret (us)**. Nas liñas 7-8 Piernavieja segue a Acuña, mais retócao así: **ex pr(aedis) victor (iarum) s(uarum).**

Lectura de Pereira:

Dian(a)e	
Venat-	
rici ar(am)	
po (suerunt) Ur(sus)	
et Faus-	non nexo TI; nexo AV
tinus	nexo TI
ex pr(aecepto)	
Victori-	nexo RI
s pro s-	
a(lute) sua.	non nexo ALV

Crítica:

As liñas 3-6 son claras; os erros dos anteriores editores explícanse así:

— A Hübner transmitíronlle para a liña 5, EF. FAVS, de xeito que entendeu que VREF tiña de ser VRE(I) F(ILIVS), co que ARPO tería de ser un **nomen.**

— Fita corríxeo e di **Arpo Ure f(ilius),** argumentando simplemente que non fai falla un xenitivo en -i, que chega con **Ure.**

— Sampedro xa o tiña ben lido na súa obra "Documentos, Inscripciones..." de 1904, polo que descoñecemos o por qué da lectura de Fita, posterior. Sampedro leeu todo exactamente igual que a lectura aquí proposta, agás o nexo RI na liña 8. Entendeu mal os nomes, porque na liña 4 desenrola **Ur(fo),** cognomen que él inventou. Segue a Hübner, como tamén fai Fita, para a fórmula **ex pr. Victor(i)s,** suplindo o **i** porque non viron o nexo RI. Sampedro insiste en que Hübner leeu mal os nomes dos dedicantes, mais hai que ter en conta que aquel veu a pedra, cousa que non fixo Fita, pois comenta que na foto non ve certos detalles.

— IRG: viron que non era VR/EF en liñas 4-5, senon VR / ET, co que ARPO non tiña por qué ser un **nomen** e entenderon, lóxicamente, **ar(am) po(suit),** en singular por coidar que soio había un dedicante. Cecais se inspiraron na lectura de Sampedro, que era evidente. Os editores das IRG entenderon o nome **Uret(inus),** con dúbidas; Acuña et alii non as teñen, entramentras que Piernavieja prefire **Uret(us).** Tal como se propón na lectura de Pereira, ó que estamos seguindo, non existe tal cousa, pois Ur(sus) é simplemente o máis frecuente dos posibles, e por tanto aquel que, en boa praxis epigráfica, temos que supor. Concretamente, Ursus aparece dúas veces en Vigo (IRG III, Supp. 20 e 21).

Liñas 7-9: **ex pr(aecepto)** é tamén o máis lóxico. É unha fórmula ben coñecida nas dedicacións votivas, mesmamente con esa función, semellante a **ex visu, ex iussu,** etc. Cando aparece **ex visu** sempre se está a pensar nunha divinidade, mentras que con **ex iussu** ou **ex praecepto** poden aparecer nas lápidas o mesmo deuses que persoas, por eso non se sabe quén é o Victor que lle mandou por a dedicación, se se trata dunha persoa privada ou non. Os paralelos existentes en todo o Imperio non obligan a aceptar ningunha hipótese que desbote ás outras. Toda outra interpretación do tipo das propostas é argumentar por excepcionalidade, o que non se debe facer máis que cando é imprescindible e ven materializado na pedra.

Datación e valoración histórica:

Trátase con seguridade dunha peza cando menos do século II d.C., e probablemente non dos seus comenzos.

Ante a falla dunha tipoloxía xeral das inscricións galegas soio se pode decir o seguinte:

— Faustinus e Ursus son cognomina típicos de baixa época, entendendo por tal altoimperial e sobre todo posterior (15).

— A complexidade da fórmula dedicatoria sinala tamén unha época non moi antiga (16).

— O culto a Diana ten o seu "acmé" na metá do século II d.C. Seguindo a M.J. Pena (17) temos que as únicas inscripcións datables do seu culto son desa época.

— O Culto a Diana ten na actual Galicia outras testemuñas: IRG III 19 (Lalín), DIANE (sic). IRG IV 71 (Monte Louredo, a 7 Km. de Ourense), DEANAE; e Bol. Aur. II 1972, 326 e ss. SANCT(AE) DIIANII (=DEANE), cara á raia con Zamora; probablemente xa non era Gallaecia. Todas elas parecen ser máis ben tardías polo formulario.

NOTA: O descoñecemento que denantes facíamos notar encol da arqueoloxía romana da zona non nos permite opinar se estamos diante dun caso de transformación do habitat, como sucede no Monte Mozinho e está a estudiar un dos firmantes desta memoria, e como supomos se podera facer extensivo a todas partes.

Sobre a procedencia da outra inscripción (CIL II 2562 e páx. 906; IRG I supp. 15; ILER 5453) está claro xa na bibliografía anterior ó CIL que:

1) A pedra estaba xa na igrexa de Queiruga cando foi descuberta ou localizada, servindo de altar, no ano 1750. Un tal Riobóo dou conta delo á Real Academia de la Historia (18).

2) Por Murguía (19) sabemos que a pedra continuaba a estar alí ainda no ano 1822, cando nunha visita do bispado mandouse retirar, por non ter sido consagrada. Persoalmente vímola nun sótano da casa rectoral, e fai pouco tempo foi fixada no valo interior, á dereita da entrada principal da igrexa.

Lectura: (Non presenta problemas).
C(aius) Attius Attianus
Rufinus Seiliensis
ann(orum) XXII h(ic) s(itus) e(st). Attius
Rufus pater et Sa-
binula mater fece(runt).

Pola claridade do texto, xa correctamente identificado polos editores das IRG, e que xa fixera Murguía (20) e engadindo que baixo ningún concepto atopamos relación entre esta peza e o castro de Baroña non imos facer máis extenso este comentario. Simplemente facer notar que unha praia, onde según a tradición foi atopada a lápida, ainda hoxe se chama praia de Seilas; que cando escomenzaron os traballos no castro de Baroña, a opinión dos obreiros era a de que do istmo do castro, chamado por eles "Lugar das campas" (21), saeu esa peza furtivamente para a veciña parroquia de Queiruga; e por último mencionar que en Thomar, non lonxe de Scallabis, na Lusitania, hai outra lápida que di: **C. Attio Attiano Rufino Sabinula mater p(osuit).** Esto é dabondo para localizar á familia do difunto e mesmo a súa procedencia, pero non nos permite conxeturar nada sobre o por qué da estancia aquí de aqueles; soio sabemos que a nai, Sabinula, voltou á súa terra e lle puxo outra lápida.

A datación do epígrafe, mesmo comparándoo co da Lusitania en modo algún pode ser anterior ó século II d.C.

O mundo medieval deixounos, cando menos, unha torre en Orseño (Nebra) (22) de feitura semellante ás de A Lanzada, Cambados, etc... e que, desgraciadamente foi desfeita hai poucos anos, quedando somente os alicerces, para aproveitar a súa noble pedra na innoble función de servir de base a un galiñeiro industrial.

Por non alongar máis este apartado non facemos mención das obras posteriores nesta comarca tan rica en vestixios de pasados tempos. Rematamos decindo, tan soio a tiduo indicativo, que, mesmo desde o punto de vista da arqueoloxía industrial, concretamente dos almacéns de salga da, por nós considerada, preindustrialización catalana do século XVIII, presenta unhas enormes posibilidades de traballo.

II.— CASTRO DE BAROÑA. DESCRIPCION XERAL; TRABALLOS ANTIGOS E CONSOLIDACION. (Fig. III, Lám. I)

A súa condición de castro marítimo, asentado nunha península que ocupa na súa totalidade, fai que a planta non resposte ás habituais formas circoares ou oblongas dos castros, tendo que se adaptar á morfoloxía ascendente dende o areal do istmo até o cumio do cantil, estructurandose en catro áreas en parte esixidas por tres grandes furnas que a laboura erosiva do mar vai agrandando. Esta especial topografía, acentuada por obras arquitectónicas divisorias do espacio, fixo que o seu primeiro excavador dividira con criterio científico o xacemento en dous sectores (23); para o segundo arqueólogo que traballa no castro, serán catro os barrios que o forman (24). Sin pretender entrar neste apartado na crítica de se os diferentes agrupamentos diferenciados, sen ter en conta o número de casas nin a súa función, que conforman un asentamento castrexo deben ser interpretadas como barrio, casas-patio, etc, (25), coidamos que o que Luengo chama 1.º barrio non é mais que un antecastro no que non aparecen restos ningúns de recintos habitacionais.

Como queda dito, accédese ó castro por un camiño, por veces enlousado, coñecido polos veciños do lugar como "camiño romano". Luengo fala del como dunha vía de "posible origen indígena", indi-

cando que o sistema de enlousar nuns treitos e rebaixar a rocha natural noutros é o adoitado na feitura das vías romanas. Nós, sin negar que, efectivamente, as rodeiras dos carros son profundas, non compartimos a pretendida antigüedade do camiño tal como hoxe se nos apresenta. A razón que aducimos para testemuñar esto é que nas zonas enlousadas fíxose previamente un profundo corte no xabre o cal, malia a súa blandura está perfectamente conservado a ámbolos dous lados do camiño cun resultado —enlousado moito máis baixo que os laterais de xabre— que coidamos xustamente inverso ó que a erosión produciría de ser certa a tal pretendida antigüedade do mesmo. Sospeitamos que o camiño, indubidablemente empregado polos indíxenas, na súa feitura actual debe de ser obra relativamente recente, do mesmo tipo, caracterizado polo bó firme, e ca mesma función que tódolos demais que baixan cara ás praias, e decir, camiños de carro para facilitar a acarrexa do argazo para abono das terras; aínda hoxe, na época dos abonos químicos, baixan carros a carregar este outro natural e tan pesado que na volta de poucos anos pode fender profundas rodeiras nas rochas bastante moles da zona.

Xusto na entrada do istmo, éste aparece cortado por un foso transversal de 57,5 m. de longo por 3,75 m. de ancho e posiblemente 3 m. de fondo máximo (non se limpou totalmente) traballado na rocha base de xisto; inmediatamente detras unha primeira muralla de 35 m. de longo (a medida que da o primeiro excavador e de 58 m., o que prácticamente coincide ca nosa do foso; ¿terase destruído tanto en tan poucos anos?, ¿presumiría o autor a lonxitude orixinaria tomando a do foso?); a anchura media e de seis metros. A técnica constructiva consisteu en aparellar dous muros de mampostería casi parelelos, ou mellor lixeiramente fusiformes, de 1 m. de ancho cada un deles e reencher o espacio creado entre ámbolos dous con area e pedra. Deste xeito a muralla resultaría imponente polo seu espesor e ó mesmo tempo con esta técnica conseguiríase unha maior fortaleza, ó cumplir o recheo interior o papel de amortiguador das posibles embestidas dun ariete ou máquina semellante.

Posiblemente, como xa insinou Luengo nun croquis do castro, dos extremos desta primeira muralla saíran outras dúas cara ó núcleo habitado. A gran cantidade de pedra amoreada nas caras Norte e Sul do istmo podería proceder das mesmas, tras teren sido desfeitas polo mar, formando o que o devandito arqueólogo considerou "escollera". No caso de non teren existido estas murallas, a actualmente conservada, co seu foso, carecerían de sentido, pois o castro estaría aberto e accesible polos lados N. e S. daquela. Para Luengo, este recinto sería o 1.° barrio, dando por sentado que nel terían edificado casas, conclusión que nós coidamos excesivamente arriscada. De feito, malia a ser retirada moita area en varias zonas até chegar á rocha base, non ten aparecido ningún resto de construcción; non embargantes, neste recinto non se fixeron excavacións polo de agora.

Os naturais da terra chamaban a este istmo "Lugar das Campas" (26) ou "Areal da polbeira" (27). O segundo dos chamadeiros é fácilmente explicable, pois aínda hoxe captúranse entre as súas penas grandes cantidades de polbos. O primeiro dos nomes é moito mais suxerente, sobre todo se tivéramos algún indicio razoable de certeza de que efectivamente se atopou aquí, e non na inmediata praia de Queiruga, a lápida adicada a Rufus Seiliensis da que xa temos falado no apartado anterior, sen que de este apunte queiramos tirar arriscadas conclusións referentes a unha posible necrópole.

Unha segunda muralla situada a 50 m. mínimo da anterior (para o primeiro excavador son 100 os metros que as separan) pecha o recinto habitacional, permitindo o acceso ó mesmo unha soia porta. O tramo que vai dende a porta cara ó Norde vaise complicando nunha solución de tres muros de mampostería, que van subindo escalonados con sucesivas caras e comunicándose entre sí por rampas (Fig. IV). Este tipo constructivo fixo que Luengo o puxera en relación co castro de Carvalhelhos (Tras-os Montes, Portugal) (28), comparación na que nós estamos en absoluto desacordo despois de ter examinado as dúas técnicas constructivas; non embargantes, pola nosa banda, atravémonos a por as murallas de Baroña en relación cas de outro xacemento tamén moi alonxado, non no tempo, mais sí no espacio, como é o caso do castro de Coaña (Asturias). No extremo arrendondado que conforma a porta aínda se conserva unha fiada de grandes pedras que deberían corresponder a un cubo defensivo de aquela. O tramo Sul da muralla está feito cun soio muro de mampostería que despois de conformar o paramento externo e a cara sul da porta corre polo interior, cunha mampostería de pedra máis miuda, seguindo a dirección da cara externa. O espacio intermedio encheuse con pedra e area.

Esta segunda muralla, hoxe perdida en tramos, daba prácticamente a volta a todo o recinto, mesmo nas zonas de alto cantil nas que a verticalidade dos penedos e o mar a convirten en algo totalmente inútil desde o punto de vista defensivo. Este dado ven avalar a nosa hipótese, que exporemos nas conclusións, sobre a función das murallas castrexas.

O interior do recinto ten unha primeira zona con restos de edificacións, o chamado por Luengo 2° barrio, e ascendendo por unhas escadas monumentais (Fig. V, Lám. IV) pásase ó terceiro barrio, tamén con restos habitacionais, no que se centraron os traballos arqueolóxicos por nós realizados. Unha muralla escalonada con rampas entre os diferentes lenzos de muro, cunha dirección Este-Oeste, perpendicular á exterior, separa os dous barrios. Desde o terceiro, ascendendo, ben por un camiño

de pés cortado sobre unha furna que chega a ter 25 m. de altura, ou bordeando pola cara que da ó istmo, chégase ó mais outo do xacemento, onde Luengo sitúa o cuarto e derradeiro conxunto.

Descubrimento do castro e traballos nel efectuados até as campañas 1981-1984

A primeira noticia referencial do castro atopámola no viaxe que nos anos 1754-1755 fixo o Padre Sarmiento por esta banda de Galicia (29).

No ano de 1933, un carabinero aficionado ás antigüedades, D. Pablo Díaz, efectúa unhas excavacións na percura de pezas para a súa colección privada. O catedrático de Historia do Instituto de Noia, Alvaro de las Casas, argallou por esas mesmas datas (abril de 1933) unha excursión cun fato de alumnos pola Serra do Barbanza, viaxe do que nos quedou constancia na prestixiosa revista NOS (30). Admírase un dos alumnos de D. Alvaro ó chegar ó castro de Baroña da cantidade tan grande de xente que alí estaba a traballar "aquelo é unha romería, pois todos pensan que vai aparecer unha mina de ouro".

Desgraciadamente, ós achados desta 1.ª excavación, xunto cos da colección particular de Díaz, perdéuselles a pista, despois de ter que fuxir o antesdito ó escomenzar a sublevación militar contra o goberno da república no ano 1936.

Alvaro de las Casas comunícalle a posible importancia do xacemento ó catedrático da Universidade de Santiago, D. Sebastián González-García Paz, quen con permiso oficial, previa denuncia das obras anteriores feita polo inxenieiro Xefe do Distrito Forestal de A Coruña, enceta unhas escavacións que escomenzan en xuño de 1933. Na publicación que das mesmas fai no ano seguinte describe o seu emplazamento, as murallas, e da conta de que, traballando na zona S. do castro saen á luz 10 casas: tres de planta circoar, catro oblongas, duas de planta mixta e un pequeno recinto que, polo irregular da planta, considera construcción anterior ou anexo dunha vivenda. Fai notar que soio localizou porta nunha das casas, e tamén que somente apareceu unha lareira encostada no muro doutra edificación.

Entre os materiais atopados, o excavador salienta muíños planos e redondos (máis abondosos os derradeiros), pesos de rede, machados pulimentados, un molde de fundición con forma de "cuenco" e pequeno tamaño (¿sería mais ben un crisol do tipo dos atopados posteriormente por Luengo e nós mesmos?). En metal: ferro informe, unha asa de bronce decorada, dous aneles, dúas fíbulas anulares e —esto compre resaltalo— "un fragmento de colgante de tres remates, huecos en sus extremos, seguramente para engarce de piedras". Facemos notar este derradeiro obxeto, pendiente circoar, por teren sido atopados dous parelelos nas excavacións efectuadas no xacemento de O Neixón, tamén na bisbarra do Barbanza. Da conta tamén da aparición de restos óseos con sinais de uso.

En canto á cerámica fai notar o emprego do torno e a maior abundancia de pezas feitas á man, pero cunha gran perfección. Predominan os fondos planos, variedade de asas e decoración de pezóns, cordóns, sogueados, etc. Unha asa de ánfora xustifícaa como procedente dalgún outro castro próximo no que tivera enraizado a romanización. Bota en falta a ausencia de epígrafes e moedas polo que non se arrisca a aventurar unha cronoloxía para o xacemento.

Os materiais pasaron a engrosar os fondos do Departamento de Arqueoloxía e Prehistoria da actual facultade de Xeografía e Historia da Universidade de Santiago de Compostela.

Nos anos 1969 e 1970 retoma as excavacións o Director do Museo Arqueolóxico de S. Antón, A Coruña, D. José María Luengo. Na primeira das súas campañas atopa tres casas redondas, unha delas cunha lareira enmarcada por tres laxes de gran tamaño, exemplar único até o presente, e outras tres vivendas oblongas. Na campaña de 1970 traballa na porta principal do castro, na que —posiblemente confundindo con peldaños unhas ben labradas pedras dun machon— veu unha escaleira, e deste xeito resolveu a entrada ó recinto, mesmo engadindo pasos até a base. Nunha cata feita por nós, xa no primeiro ano dos traballos, comprobamos a falla de precisión na interpretación desta porta, ocasionada moi probablemente pola praxis da época de excavar seguindo muros en vez de facelo en extensión. No presente ano de 1984 escomenzamos os traballos en profundidade na dita porta; non incluímos na memoria os resultados por precisar da próxima campaña para unha total comprensión da área. Aquela técnica de excavación seguindo muros treríanos máis dun problema no desenrolo dos nosos traballos, pois cada vez que chegábamos perto da área descuberta no 1969 e 1970 todo aparecía remexido, e o que é peor, os estratos e os muros cortados; esta circunstancia proporcionounos graves problemas interpretativos.

Dende a porta sigueu traballando pola cara interior da muralla en dirección N., atopando unha gran área de pedras e cinzas e as escadas de acceso ó por él chamado 3.º barrio, cun concheiro á dereita, do que él da conta e onde nós atopamos llapras, casi que todas elas pequenas, mexilóns e posibles espiñas ou osos moi finos, e unha casa a esquerda que considerou obradoiro de fundición —coidamos que con bó tino— por ter achado no interior restos dun forno de ladrillos, dúas agullas de bronce e dous crisois de fundición con torta, unha de cobre e outra ("disparatada amalgama") de ferro e cobre (31).

Xa dentro do "barrio" excava un recinto rectangular que considera corpo de garda e unha nova

casa.

Os principais restos do conxunto das excavacións son: un machado de xisto, un pendente de cobre naviforme (un posible paralelo, sin recurrir á Meseta, témolo no exemplar atopado nas excavacións de A Lanzada, Pontevedra), restos de agullas ou cecais anzós e un arco de fíbula, todo elo en bronce.

Non explicitamos os tipos cerámicos por ser semellantes ós atopados nos nosos traballos e que, lóxicamente, serán estudiados nesta memoria. Algunhas das pezas máis significativas, entre as que figuran dous anacos de boca de ánfora, presentámolas dibuxadas por nós na figura XXI.

A cronoloxía provisional que asigna ó xacemento é a de 350 a.C. ós comenzos do século I d.C. Os materiais foron depositados no Museo Arqueolóxico Provincial do que era director.

No ano 1979, a Sección de Arqueoloxía e Prehistoria do Instituto de Estudos Galegos "Padre Sarmiento" do C.S.I.C., despois dun estudio global da situación dos xacementos galegos, acordou paralizar tódolos traballos de excavación en curso e elaborou un plan de consolidación dos mesmos así como de outros xacementos —caso de Baroña— nos que o seu abandono desde a última campaña convertíraos nun amoreamento de pedras sin casi restos visibles de estruturas. Presentado o proxecto na Subdirección General de Arqueología y Etnografía do Ministerio de Cultura, foi aprobado globalmente e no ano seguinte de 1980 encomendouse a Francisco Calo Lourido, naquela altura Secretario da devandita Sección, a execución dos traballos de consolidación do castro. Xa desde os primeiros momentos o antesdito arqueólogo solicitou a colaboura da profesora da Universidade do Porto (Portugal) Teresa Soeiro, responsabilizándose ámbolos dous de todo o feito até hoxe, se ben administrativamente os permisos de excavación están a nome do primeiro.

Aínda estamos pendentes da celebración dunhas xornadas que permitan chegar á unificación de criterios de cómo se debe facer unha consolidación. Os puntos de vista son moi dispares, e moitas veces esta variedade de opinións ven derivada da confusión existente entre consolidación, conservación e restauración. Non imos expor aquí as nosas ideas ó respecto, pero queremos deixar claro que o único que nós fixemos foi consolidar o preexistente; o ano de 1980, por tratarse de traballar sobre obras anteriores nas que non tíñamos participado, o criterio seguido foi limpar previamente todo o excavado polo Sr. Luengo, facer catas buscando os alicerces nos sitios onde todo estaba desfeito, e sobre esa base erguer os paramentos cunha técnica semellante á orixinal, até unha altura igual ás veces e nas máis lixeiramente inferior a aquela que, guiándonos polo texto e as fotografías da memoria publicada, non daba opción a "inventar" nada.

Para evitar un novo arruinamento da obra, xa que este xacemento non soio está exposto e desprotexido, pola súa ubicación, a tódolos ventos, e mesmo nalgunha área ós embates directos do mar sobre as murallas e edificacións, senón polo fluxo constante de visitantes que —por falta de garda— brincan por enriba dos muros, resolvemos erguer os paramentos a seco, como na obra primitiva, pero reforzar con cemento mixturado con terra e fiada máis outa; deste xeito, todo o conxunto queda amarrado. De outra banda, se no futuro se dispuxera de vixiancia e control permanente, non resultaría difícil nin costoso retirar esa derradeira fiada e voltala a por a seco.

Nesta primeira campaña, do 16 de xullo ó 30 de agosto de 1980, consolidouse a muralla de Luengo cas súas rampas interiores, e tódolas casas do "barrio" terceiro. Cando a verificación das estructuras non foi posible, resolveuse rematar os muros en rampa, indicando deste xeito que se trataba de obra "non finita". Houbo que recurrir a esta solución técnica polo feito antes dito de traballar en obra allea da que, agás a memoria e algunhas fotos, non tíñamos documentación precisa, como sería un plano feito a escala e mesmo unha referencia concreta dos lugares onde se deitaron os entullos procedentes dos traballos, referencia ésta, casique sempre ignorada nas memorias de excavación e que coidamos de vital importancia metódica nos relatorios arqueolóxicos de campo.

No seguinte ano de 1981 os traballos desenroláronse en dous frentes: excavación e consolidación. Do primeiro ocuparémonos no apartado III da presente memoria, entramentras que a segunda actividade proxectouse na área excavada en 1933 polo Sr. González-García Paz. Consolidáronse as 10 casas por él atopadas e refíxose a muralla que dende a porta corre cara ó S-SW, tende neste caso que erguela nalgún lenzo de parede mesmo desde os alicerces, por ter sido totalmente destruída polos embates do mar. Os criterios seguidos para esta consolidación foron lóxicamente semellantes ós do ano anterior.

No ano de 1983 efectuose unha nova consolidación, neste caso codirixida co arquitecto Sr. Baltar Tojo, que afectou á muralla con doble muro de mampostería que pecha a entrada ó istmo así como á prolongación razonable do muro norte, enlazando cos traballos do Sr. Luengo, e ó peche dunha profunda furna que na área Este do castro tiña aberto o oleaxe e que ocasionara o derrumbe dunha extensa zona xa constatada polo antes dito arqueólogo cando fai notar que unha boa parte da casa VI, vide Luengo, fig. 2, por él descuberta, tiña desaparecido. Tendo en conta esta circunstancia, xunto ó sistema de Luengo de excavar hasta máis abaixo dos

cimentos sin reencher logo, optamos por non consolidar a devandita casa, xa que nesta ocasión teríamos que **reconstruir,** cousa que, como xa explicamos, en ningún caso fixemos. Foi esta derradeira obra, o peche da furna, un traballo de gran magnitude no que houbo que facer un dique de pedra reforzado interiormente con hormigón ciclópeo de 136,50 m.^{3}. Esta obra resultaba imprescindible para evitar, ou polo menos retardar que os embates das marusías, xunto co lento pero progresivo fundimento desta parte da costa, remataran por destruir todo o "barrio". Polo antes dito do afondamento da costa, así como pola acción dinámica da incidencia dos temporais, non resulta aventurado pensar nun futuro lonxano no que o castro se vexa desmembrado en varios illotes, tres concretamente, ca desaparición total do xacemento; por eso coidamos que é precisa unha acción, como a citada, que poña trabas e ratarde ese feito natural. Abonda para verificar esto contemplar o plano xeral do castro cas súas curvas de nivel e lembrar a súa posición de espolón adiantado frente ó Océano.

Amais destas consolidacións de obras anteriores ás nosas excavacións, consideramos urxente e necesario consolidar tódolos muros que, ó longo dos nosos traballos fomos atopando, pois dentro da nosa filosofía de excavadores xulgamos que toda fábrica desenterrada debe ser volta a soterrar unha vez estudiada ou ben ten de ser convenientemente consolidada, caso de deixala ó descuberto, como é a praxis que seguimos en Baroña, por ter non soio un valor arqueolóxico, senón mesmo didáctico e turístico pola súa especial morfoloxía e a súa ubicación nunha área de singular beleza. Seguindo este criterio, tódolos traballos expostos no apartado III —os feitos por nós— da presente memoria están neste intre consolidados; tendo en conta a perspectiva pouco común nun castro de poder ser visto desde fora como un conxunto máis baixo que o punto de vista do observador, procuramos, sin distorsionar a realidade que os paramentos resultaran escalonados para ter xa desde lonxe unha lectura de conxunto de tódalas obras arquitectónicas do castro. Así coidamos que o didactismo será superior, sin sacrificar en absoluto o cientifismo da consolidación.

Outro criterio que tivemos en conta foi o de, unha vez excavada até o fondo, a rocha base, para atopar os diferentes niveis de ocupación que no apartado III e seguinte exporemos, reencher con terra da mesma excavación, procurando no posible evitar as pedras, até o nivel orixinario da derradeira ocupación do xacemento, agás nos sitios onde se conservaban restos pétreos da primeira ocupación, que tamén ficaron visibles. Deste xeito coidamos que vai quedando un xacemento intelixible, mesmo para o profano, no seu momento álxido de ocupación.

Decíamos denantes que consideramos importante que nas memorias de excavación se explicite onde foron deitadas as pedras e entullos producto das excavacións, para evitar confusionismos e traballos estériles a futuros arqueólogos. Por esta razón facemos notar que todo o sobrante dos nosos traballos foi deitado, recoñecemos a ventaxa neste caso de traballar nun castro marítimo, ben nas furnas abertas polo mar, é decir, no mar mesmo, ou a partir da campaña de 1983 reenchendo a furna do Este onde fixemos o antes dito dique. Nada, pois, do noso entullo pode levar a error ou dúbida a futuros arqueólogos que traballen no castro e que lóxicamente leerán previamente esta memoria.

Unha vez rematados os traballos de consolidación do primeiro ano, 1980, fixemos un plano xeral do xacemento a escala 1/250, cas pertinentes curvas de nivel colocadas de metro en metro. Unha vez confeccionado éste, tódolos traballos realizados no castro estarán necesariamente referidos e encadrados nel (Fig. III).

III.— CAMPAÑAS DE EXCAVACION DE 1981-1984

As campañas de excavación no castro de Baroña incidiron, de 1981 a 1984 na plataforma media do poboado, continuando así os traballos que alí tiña feito en 1969-1970 D. José María Luengo. Xa dende aquí consideramos a este sector "plataforma media", por coidar que chamarlle "3.° barrio", tal e como o anterior arqueólogo tiña feito, non se corresponde nin ca realidade do xacemento, nin ca nosa idea do que é un "barrio" no conxunto dun asentamento castrexo.

O espacio, sensiblemente cuadrangular, delimitado polo Norte por un conxunto de rochas, a meirande outura de península —25 m.—, polo Oeste por unha furna que vai en aumento polos embates do mar, e polo Sul e Este por fortes murallas, foi cadriculado cunha malla de 4 × 4 m., casi toda ela completamente excavada. Imos pois centrarnos no traballo feito por nós nos 60 cadrados da planta e na limpeza de algunhas casas xa anteriormente descubertas (fig. VI), o que representa unha superficie de aproximadamente 960 m^2. Nesta área débense distinguir dúas zonas arqueolóxicamente moi diferenciadas, a primeira cubrindo os vinte cadrados do Norte, onde José María Luengo tiña excavado o interior das construccións que, por outra parte, tiñan sido as mais afectadas pola intensa erosión que, como denantes dixemos, se fai sentir no castro. Máis cara ó Sul, encostada nunha ancha muralla, no seu estado actual escalonada, a estratigrafía acada maior altura, así como os muros das edificacións. Tamén o espolio acumúlase preferentemente nesta zona Sul.

Ainda continúan por resolver moitos problemas, sobor de todo os que resultan do artellamento deste sector intermedio co resto do poboado e das súas transformacións internas as cales, vislumbradas en traballos anteriores, ainda hoxe non teñen para nós unha total e satisfactoria resposta. Coidamos, entramentras, que os problemas que o estudio do expolio nos plantexa, así como a súa correcta integración cultural só poderán chegar a ser verdadeiramente interpretados, cando se fagan outras excavacións en xacementos que teñan unhas características semellantes ou se fagan públicos os resultados de algunhas xa feitas. Por esta razón, o único que pretendemos con esta memoria e dar a coñecer a información obtida por nós en Baroña, ca esperanza de que o debate que poida suscitar e as diferentes aportacións que esperamos doutros xacementos lancen sobor destos dados nova luz para chegar a unha comprensión totalizadora da Cultura Castrexa. Tódolos arqueólogos que adicamos os nosos esforzos a este ámeto cultural somos conscientes das nosas limitacións pola falla duns estudios serios e globalizadores sobor de temas concretos de monográficos. Por esta razón coidamos imprescindibles as publicacións das memorias das excavacións que se teñen feito no Convento Lucense, arqueolóxicamente cada vez mais afastado do Bracarense, para ir empezando a progresar seriamente nos nosos coñecementos.

As catro campañas efectuadas no xacemento de Baroña permítenos dividir a ocupación do poboado en tres fases, subdividindo a segunda en dous momentos diferentes que conforman o período álxido do castro.

FASE I

A mais antiga ocupación deste sector do poboado foi, a tenor dos dados fornecidos polas excavacións, aquela que lle defineu unha parte do perímetro, levando a cabo a construcción da muralla escalonada que corta transversalmente o castro na dirección Este-Oeste. Esta muralla atravesa o castro cumplindo unha doble función: servir de soporte das terras que conforman a plataforma intermedia, defendéndoa ó mesmo tempo e diferenciando espacios, cuia valoración aínda non poseemos por ter centrado tódolos nosos esforzos neste sector. Descoñecemos por tanto cál é a relación entre este sector e o muro exterior do poboado, cuia técnica de construcción é idéntica, por non teren atinxido os nosos traballos a esa área do xacemento, se ben sospeitamos que as mesmas tres fases aquí detectadas se corresponden dun xeito homoxéneo en todo o castro.

A muralla que pecha polo Sul este recinto chega a atinxir, como mostran a lectura estratigráfica (Fig. VIII, 2) e as fotografías (Lám. III e IV), oito metros de ancho, estando toda ela formada por bloques de pedra de gran colocados a seco, con cara externa e interna traballada a pico, e cortados de forma tabular, completamente idénticos ós que conforman os muros dos recintos habitacionais. Todo o conxunto da muralla foi erguido nun só momento, arrincando os alicerces da rocha base, onde se detecta a anchura máxima, que vai disminuíndo asegún se van superando os escalóns, non chegando o núcleo central e por tanto o máis elevado a presentar a anchura de catro metros. Os escalóns son plataformas horizontalizadas que permitían recorrer a muralla camiñando sobor dela, con anchuras desiguais, que se corresponden ca maior ou menor proximidade á furna da plataforma baixa do recinto castrexo. Estas plataformas, se ben permitían o pasaxe ós habitantes do castro, tamén facilitarían unha hipotética entrada a posibles enemigos, polo que non se comprende perfectamente que esta muralla teña sido nalgunha ocasión a defensa exterior do poboado. De tódolos xeitos, o sistema construc-tivo a base de sucesivos muros, cunha anchura media entre 0,5 m. e 1 m. con espacios intermedios recheos de pedra e terra e rampas, é moi semellante ó da muralla exterior, que xa no seu intre puxemos en relación cas desenterradas en Coaña (Asturias). Se ben esta sucesión de muros con cara externa e interna e rampas intermedias fainos pensar nunha grande vulnerabilidade da plataforma, non embargantes coidamos que todo o conxunto, posto en pé, debería ofrecer unha solidez considerable, tendo en conta que, tanto polo sistema empregado de sucesivos muros (amortiguadores de embates) como pola anchura total conseguida, resultaría extremadamente difícil provocar a súa ruína ou abrir fendas significativas.

As caras dos diferentes muros que a conforman teñen unha tendencia vertical, lixeiramente caídas cara ó interior, e as fiadas son baixas e horizontais feitas con aparello incerto, deixando espacios entre os bloques de pedra que son racheados por outras mais pequenas, se ben, en moitos sitios deixan furados que permiten observar o interior de todo o macizo, feito completamente de pedras colocadas sin orde aparente. Estes furados, nun primeiro momento, fixéronos pensar nunha área de entullo; logo verificamos que se trataba de algo xenuíno, onde se non se chegaron a encher os ocos foi pola exigua cantidade de terra do xacemento, que por moito que sufrira a erosión non pudo reenchelos por decantación.

A pedra empregada na construcción da muralla, así como a dos paramentos das habitacións seguramente foi obtida no mesmo local do castro, onde os afloramentos de pedras de gran son abondosos. Non se atopou en toda a muralla, completamente excavada como se pode apreciar no plano, resto algún de portas ou otros accesos, suxeríndonos a dirección que levan os muros interiores que aquela debería estar bastante máis adentro da actual cunha escada flanqueada por

machóns e que sen dúbida corresponde a unha ocupación máis tardía en que a muralla vai ser parcialmente inutilizada, conservando tan soio a función de muro de contención de terras. Desta fase falaremos no seu momento.

Contemporánea da muralla é a casa oblonga, con cerca de 29 m.^{2} no interior, que ocupa parte dos cadrados E,F 4 e 5, feita a base de bloques baixos de pedra de gran traballados a pico, e formando caras verticais asentadas na rocha base (Fig. VII, 2). Unha camada de cinza cunha lareira calcinada sobre un nivel de terra pisada denuncia o solo desta habitación, que —como é habitual en tódalas casas descubertas— non tivo un piso coidado (Fig. VII, 1, estrato 9). A entrada non é visible, cousa tamén normal en Baroña, e a cubrición debe ter sido feita de materiais perecedeiros. No exterior da mesma, a ocupación prolóngase en estratos de terra acincentada fina, con espolio.

Amais desa casa son da primeira fase de construccións dous lenzos de muros encurvados que corren en dirección Este-Oeste, paralelos á muralla e situados na planta en F 3-F 5 e F 8-D 9. Tendo en conta que tiñan sido cortados polas construccións posteriores, e por conseguinte estaban mal conservados, non poidemos comprender a súa funcionalidade. Técnicamente son idénticos á casa oblonga, mais non parecen pertenecer a ningunha habitación, suxeríndonos mais ben que tiveran sido feitos para delimitar espacios exteriores ou como reforzo da muralla xa descrita.

Posiblemente tiveran existido en toda a área excavada outras construccións nesta fase a máis antiga do poboado, mais as profundas remodelacións e o intenso movimento edificador que vai vir a continuación poden ter alterado bastante a fisionomía inicial.

Fora da casa oblonga, concretamente en E 7 apareceran dúas lareiras exteriores, sin relación aparente con ningunha habitación.

Espallados por varios cadrados foron recollidos bloques de barro roxizo cunha cara alisada e a outra ben marcada por improntas de ramallos de pouco diámetro. Da aplicación que terían cando foron feitos quédannos moitas dúbidas, pois tanto poderían ser empregados na feitura de paredes divisorias no interior das casas, como en paredes externas de construccións destruídas na seguinte fase do poboado e polo tanto imposibles de recuperar. A localización dos bloques, dispersos e en pequenas cantidades, non nos axuda en absoluto a optar por unha das posibilidades.

O espolio dos estratos atribuíbles a esta fase máis anterga da ocupación do xacemento, ou polo menos deste sector intermedio, componse de materiais metálicos e cerámicos, así como de muíños de pedra, recollidos no interior da casa oblonga e nos cadrados que lle seguen para Este, próximos ó muro (Fig. VII-1, estratos 8 a 10; fig. VII-2, estratos 6 a 9; fig. VII-3, estrato 5; fig. IX-1, estratos 4 a 6; fig. X-1, estratos 4 a 6).

Facemos notar neste intre que a descripción dos materiais seguirá sempre o mesmo orde: 1.º artefactos metálicos e vítreos, 2.º cerámica, e dentro dela irá en primeiro lugar a de importación, logo os vasos grandes, a continuación os pequenos e en 3.º lugar os uteis de pedra (32).

Uteis metálicos:

Foron atopadas tres fíbulas, todas elas de "largo travessão sem espira", fabricadas en bronce. Os tamaños das mesmas son desiguais e ningún dos exemplares apareceu completo. A de maiores dimensións (Fig. XII, 2 e Lám. VII) encóntrase moi alterada, o que fixo estalar o botón de remate, o mesmo que todo o arco. Non sendo totalmente reconstituíble, tentamos colocar os fragmentos na posición que coidamos máis correcta, resultando un exemplar de arco alto, casique en ferradura, de sección circoar e cunha suave decoración incisa no dorso. Descoñecemos a inclinación do pé así como se poseía ou non goteira, mais temos o seu botón terminal, cónico e oco, decorado con finos círculos, máis espaciados os exteriores e gradualmente máis próximos os interiores; o espacio entre os máis exteriores está recheo con incisións oblicuas e contrapostas dando lugar a unha decoración en espiña de peixe. A cabeza da fíbula é un arco fechado que se artella co travesaño; este último está constituído por un eixe central de bronce recuberto de madeira e novamente revestido de bronce, deixando esta última capa lugar para o encaixe da cabeza; arredor desta vai un fío de bronce que non sabemos explicar. Os remates están perdidos e a agulla partida.

Das outras dúas fíbulas (Fig. XII, 3 e 4) atopouse o travesaño con restos dos botóns terminais esféricos. O eixe é de bronce revestido de madeira como no caso anterior, o que indica unha mesma técnica, e no centro deixa un espacio máis estreito onde se artella a cabeza; arredor desta voltamos a atopar o fío de bronce referido na anterior. As semellanzas entre estas fíbulas do nivel máis antergo distínguennas de outra recollida nun estrato superior, da que no seu intre daremos conta, tamén encadrable no tipo de "largo travessão sem espira", mais do modelo típico e fetén que coñecemos perfectamente, tanto en Galicia como na rexión de Entre Douro e Minho (Portugal), zona esta última onde exemplares como os que vimos de describir están completamente ausentes até agora. Por tratarse dunha memoria de excavación nunha área específica, como é a da Cultura Castrexa do Convento Lucense, con tódalas fallas de investigación e publicación que xa fixemos notar, carecemos de tipoloxías que nos permitan pisar con forza, neste ou noutro dos aspectos concretos. É por eso polo que simplemente chamamos a atención sobre unha suxerencia como a anterior da falla destes materiais

no Convento Bracarense. Estamos ante un tema, fornecido polas excavacións, pero que hai que estudiar de xeito que poidamos chegar a elucidar se as diferencias atopadas entre os dous conventos poderán ter valor cronolóxico, e ó mesmo tempo se poderán identificar áreas de producción máis antigas.

Damos conta tamén doutro fragmento de fíbula de aramio enrollado como prolongación do arco, pero que non nos atrevemos a definir por faltarlle o pé (Fig. XII, 5; Lám. VII, 2).

Tamén en bronce atopouse unha pequena placa rectangular, achado común en moitos castros, moi fina e con dous furados (Fig. XII, 6).

En ferro temos unha lámina afalcatada, resto dun coitelo ou pequeno puñal e que tan soio se conserva na súa parte meia (Fig. XII, 11).

Como remate deste apartado adicado ós obxectos metálicos, damos conta da presencia dun anaco de fundición (Fig. XII, 13 e Lám. VII, 3), cun motivo en espiña de peixe. O material en que está feito é cerámica, mais incluímolo aquí pola súa finalidade. Trátase dunha peza de aparición frecuente o mesmo nos castros galegos que nos portugueses, polo que sin máis comentarios remitimos ós lectores á bibliografía (33).

Escorias de bronce foron atopados no cadrado E 8.

Cerámica

A cerámica constituie, como é habitual, a maioría dos achados. Destacamos en primeiro lugar a presencia de fragmentos de panza e de asas de ánforas, mixturados con cerámica indíxena, de cando menos, dous tipos de fabricación, un con pasta areenta crema, ben cocida, e o outro con pasta alaranxada e engobe exterior branco. O fragmento de panza da lámina VI, 4 presenta unha franxa de engobe vermello, o que nun primeiro momento fixo que a puxéramos en relación con algo semellante atopado no xacemento de A Lanzada (Pontevedra), cecais de procedencia púnica; non nos atrevemos a afirmar esta orixe, nin moito menos a cronoloxía que se lle asina ó material de A Lanzada, por non concordar en absoluto cos materiais que no mesmo estrato lle acompañan en Baroña. Diante da ausencia total de bordes e fondos neste nivel, non nos foi posible identificar a qué tipos de vasos pertenecían, nin evidentemente saber algo sobre os seus contidos, itinerarios, cronoloxía, etc. Xa fixemos denantes mención dos anacos de bordes atopados por Luengo (Fig. XXI) e no seu intre explicitaremos outros atopados por nós. Por rigor metódico-arqueolóxico non queremos mixturar nesta fase elementos que específicamente non se corresponden con ela —caso dos bordes achados por nós—, nin os devanditos de Luengo, por descoñecer o nivel no que foron atopados.

A cerámica común, fabricada con pastas areentas e con gran abundancia de grans de cuarzo, soio pudo ser conseguida ca axuda, polo menos, do torno lento; coidamos que ningún dos cacharros nesta fase atopados pudo ter sido feito exclusivamente á man. Notemos que xa o primeiro excavador do xacemento valoraba as calidades da cerámica, mesmo da que él consideraba feita á man.

As superficies son castañas ou avermelladas, alisadas ou decoradas. Non quedaron vestixios nin do proceso nin do local de cocedura, inclusive é imposible afirmar perentoriamente que se trate dunha producción local, ainda que a abundancia e a fraxilidade das pezas pareza recomendar esta hipótese, ou polo menos que sexan producto dun ámeto rexional moi concreto.

As formas son pouco variadas, concretándose a 19 bordes de olas con dimensións diferentes (Fig. XIV, 1 a 7) e perfil en S máis ou menos crebado; a cara externa está sempre cuberta de fulixe, o que sen dúbida está a testemuñar que o seu destino foi o de ser empregadas no lume. Os 18 fondos que teñen aparecido son planos rectos (Fig. XIV, 11 a 13) e as asas son escasas. Hai un exemplar que presenta o labio abultado e virado para o interior do cacharro (Fig. XIV, 8). Outros vasos teñen pastas e acabamentos máis logrados, presentan menos frecuentemente restos de fulixe e a eles tan só se poden atribuir parte das poucas asas atopadas, así como os fragmentos que teñen decoración. Estes púcaros debían de ter reservada unha función diferente, sin contacto co lume (Fig. XIV, 9 e 10). A súa decoración é moi sinxela; situada sobre os ombros do cacharro, limítase neste nivel a faixas en relieve con acanaladuras e molduras seguidas de depresións.

Completamos a descripción dos achados ca referencia ós consoiros ou fusaiolas. Apareceron dous, cortados en anacos de panza de vasos de cerámica común e furados, e un cónico, traballado dun xeito bastante groseiro co mesmo barro que os vasos, cun inicio de furado que non chegou a atravesalo (Fig. XIV, 14).

Rematamos esta fase facendo notar tamén a presencia de muíños planos ou naviformes, non tendo sido atopado ningún dos redondos. Tamén en pedra apareceu unha peza enteira cunha coviña arrendondada que cicais tivera sido un morteiro (Fig. XIII, 3).

FASE II

Consideramos como segunda fase de ocupación desta plataforma meia do poboado aquela na que se ergueron as construccións circoares e oblongas que a ocupan na súa totalidade, implantadas mesmo sobre parte da muralla antiga, interrumpin-

do muros e superpóndose á casa oblonga. Tratouse dunha profunda remodelación da plataforma, abatendo para eso todo o edificado na Fase I e mesmo achandando unha parte da muralla, na súa área mais ancha, para asentar habitacións enriba dela.

Dentro desta inxente remodelación poidemos aillar dous momentos particularmente visibles nos cadrados E e F 3 a 6, onde unha enorme casa oblonga se vai superpor á máis antiga, sendo inmediatamente habitada. A este solo de habitación síguenlle dous potentes estratos, uniformes nunha gran parte da plataforma, que xunguen o resto das construccións e documentan o momento de máis intenso aproveitamento deste espacio, con espolio abondoso e variado.

A lectura estratigráfica levounos, pois, a subdividir esta segunda fase en Fase II A e Fase II B.

FASE II A

Chamamos por tanto fase II A á remodelación da gran casa oblonga, sinalada na lectura estratigráfica (Fig. VII-1, estrato 7) por unha camada de xabre e grans de pedra de gran, que evidencian con claridade restos do traballo do momento no que se ergue o novo muro. O muro antiguo foi en parte arrasado e en parte aproveitado como base da nova parede, feita tamén con bloques de pedra de gran ben aparellados e amalgamados con barro, facendo dúas caras verticais. O aproveitamento do muro antigo apréciase con nitidez na figura anterior.

A área interna da casa foi moi agrandada, chegando a ter agora casi 40 m.^{2}. A localización da porta non nos foi posible, detalle éste que se repitiría no resto das habitacións e que xa presumíamos tendo en conta as memorias das excavacións precedentes. A aparición de restos de barro con improntas, semellantes ós descritos na Fase I, faise aquí moi suxerente, pois tendo en conta o gran espacio interior da casa non sería raro que tivera divisións interiores, que moi ben poideran estar feitas con ese tipo de material. A cubrición dunha área como ésta certamente levantaría problemas, e, a falta doutros restos, tamén cabería pensar que os bloques de barro con improntas cecais foran parte integrante da mesma.

Sobre os detritos das obras de edificación (estrato 7) vemos un chan de terra moi pisada, no que se acumulaban cinzas e carbóns que proviñan do funcionamento de lareiras (Fig. VII-1, estrcto 6). A ocupación deste chan, no interior e darredor da casa, vai producir un estrato de terra cincenta, tamén con carbóns e cinzas, onde foi recollida a meirande parte do espolio e os bloques de barro con improntas (Figs. VII-1 e 2, estrato 5).

Tamén nesta fase II A temos que incluir outra casa oblonga situada en C, D e E 7 e 8, cunha área interna que sobrepasaba os 25 m.^{2}; non podemos atinar máis no cálculo por ter sufrido na Fase II B unha profunda remodelación que a reduceu prácticamente á metá, adoptando unha planta tendente ó circo. Do muro que se conserva mais longo e que vai morrer baixo o da casa situada en C 6 e C 7, saen perpendicularmente cara ó exterior dous pequenos lenzos paralelos, tamén afectados pola remodelación, polo que non podemos ter a certeza de se funcionaría como pórtico ou antecasa. Nun currucho da casa apareceu unha lareira, como se pode ver na planta en D 7.

Ten aparecido tamén un concheiro situado en G 7 composto por llapras de tódolos tamaños, mesmo insignificantes; amais desta especie, con moito a máis abundante, había mexilón, dentes de bóvido, osos largos, posiblemente da mesma especie, arneirón e espiñas de lábridos, atopándose tamén conglomerados de cunchas de llapras e carbóns (Lám. XII).

Uteis metálicos

Neste nivel de ocupación teñen aparecido escorias de ferro, así como un obxeto de bronce de sección cadrada e alongado, 11,5 cm., lixeiramente mais engrosado polo medio da peza e disminuíndo progresivamente cara ós dous extremos; por estas características coidamos que se trata dun punzón (Fig. XII, 9 e Lám. VII, 2).

Amais de escorias de bronce, temos atopado un anaco de crisol con fondo cadrangular, fabricado en pasta groseira dunha cor castaña clara, e mostrando no interior unha cavidade arredondada, calcinada, e de textura esponxosa (Fig. XII, 14).

Denantes de entrar no apartado das cerámicas facemos constar aquí a existencia dunha adoa de colar e a metá doutra de pasta vítrea de cor azul, semellante a outras que ainda nos aparecerían en niveis posteriores (Fig. XII, 10-b e Lám. VI, 2).

Cerámica

Do exterior continuan chegando ó castro productos transportados en ánforas, das cales aínda non distinguimos as formas pola falta de fragmentos de bordes, ou outros significativos; mais os anacos de panza cóntanse agora por ducias, todos feitos cunha pasta areenta alaranxada e cobertos na parede externa por engobe branco.

A cerámica común, local ou rexional, preséntasenos casique íntegramente feita a torno, con formas cada vez mais variadas e decoración frecuente. As pastas son areentas, con grans visibles, e as superficies, alisadas, oscilan entre as tonalidades castañas e as acincentadas con manchas vermellas. Os grandes vasos (Fig. XV, 1 a 4) son a forma dominante; atopáronse 45 bordes, imposibles de reconstruir pola excesiva fragmentación que caracteriza á cerámica deste xacemento, pero que nos permiten supor que á boca esvasada de perfil variado

seguíalle un colo curvo de onde arrincaría a panza, para rematar nun fondo plano e sin reforzo (Fig. XV, 17 e 18).

Ningún destes grandes vasos presentou asas; e coidamos que algúns dos fragmentos decorados atopados neste nivel, sobre todo os que están feitos a base de toros, acanaladuras e dixitacións, poden ser parte dos ombros destas olas (Lám. VII, 1 e 2). O feito de ter frecuentemente a parede externa cuberta de fulixe, indica a súa utilización no lume, como pezas de cociña, se ben algúns semellantes presentan as superficies ben alisadas e están completamente libres de marcas de uso, polo que deducimos que deben de tratarse de vasos destinados a gardar reservas alimenticias, agua, etc...

Os exemplares que presentan o borde virado para o interior, tanto os que teñen o labio convexo (Fig. XV, 5) como os que o teñen plano e decorado por finas incisións e espiña (Lám. IX, 1) darían unha forma abombada. Semellantes poderían ser tamén os vasos con decoración acanalada no exterior do borde que está engrosado no labio e rebaixado internamente (Fig. XV, 9). Grandes dimensións anuncia o borde horizontal da Fig. XV, 13, con decoración metopada de incisións rombas pouco profundas, formando unha doble espiña limitada por incisións rectas intervaladas con zonas lisas.

Usadas sobre o lume foron tamén as olas con orificios para pendurar protexidos por unha copa que evitaría a acción do lume sobre o elemento de suspensión (Fig. XV, 12). A superficie externa é pouco alisada e está cuberta de fulixe. Non podemos precisar cal sería o uso da forma baixa e aberta, moi queimada, da Fig. XV, 19, que tanto podería ser un plato para pousar como unha cazola con asas interiores para pendurar sobre o lume; nesta segunda posibilidade trataríase da forma 16 de Ferreira de Almeida (34); trátase dun exemplar único neste nivel, e a pequena porción do perímetro que se conserva non impide ningunha das dúas solucións interpretativas.

Os púcaros son a segunda forma máis representada, quince bordos de diferentes vasos, e ó mesmo tempo a máis coidada. As paredes, por ser máis delgadas, esixen unha pasta con grans de menor calibre, e as superficies estarán máis pulcramente alisadas. Os restos de fulixe serán raros, e pola contra a decoración será moito máis frecuente. Non temos vasos completos, pero aínda así xulgamos que terían un perfil en S pouco acentuado, sobre todo cos bordos pouco esvasados; os labios serán convexos e os fondos certamente planos. Vemos que as asas, cando están pegadas á parede, parten do labio para o alto da panza; as seccións de aquelas son rectangulares, en D, ou pentagonais con sulco central. A decoración destes vasos pode estar sobre o dorso das asas, con incisións en doble espiña (Fig. XV, 11), en espiña simple interrumpida polo sulco central (Fig. XV, 10. Lám. IX, 1) ou elaborada ca axuda dunha matriz en doble S sucesivamente impresa (Lám. IX, 1). Cando a decoración está presente no colo ou panza resúltanos difícil facer unha lectura completa da composición, dado o estado fragmentario dos testemuños. É o caso do bordo da fig. XV, 15 no que descoñecemos o que podería haber baixo os tres sulcos do inicio do colo, ou dos diferentes vasos decorados con bandas de incisións oblicuas de sentido contrario intervaladas por espacios lisos, que no exemplar conservado até a panza mostra un motivo reticulado inexistente na parte superior (Fig. XV, 7 e 8, Lám. IX, 2). Un reticulado entre liñas incisas decora o cuello dun púcaro con perfil igual ós anteriores (Fig. XV, 6 e Lám. IX, 2).

Agrupamos na lámina IX, 1 outros motivos obtidos por incisións practicadas nos colos e panzas de vasos de tamaño medio, ás veces acompañados de toros e acanaladuras. O problema do descoñecemento do que sería a composición total continúa. Vemos un toro seguido por unha liña quebrada horizontal de tres sulcos, reticulados ladeando unha acanaladura ancha e dous fragmentos con liñas quebradas dobles en bandas delimitadas por incisións, deixando ou non un espacio liso entre sí.

Outro conxunto está constituído por motivos obtidos por impresión de matriz (Lám. VIII, 3); o resultado son uns triángulos ou escudetes recheos de riscos, ou S dobles e simples, aillados e encadeados, que se asocian a toros e sulcos horizontais que sirven para delimitar faixas. Pequenos circuos e perforacións poden ter sido impresos de forma máis elemental, sin necesidade de facer matrices.

Pequenas dimensións tería o potiño da Fig. XV, 14, feito a man, con pasta groseira castaña. É o único exemplar recollido que presenta esta forma.

Apareceron por último tres fusaiolas recortadas en fragmentos de panza e furadas.

FASE II B

O momento de maior puxanza do sector sería aquel en que todo o espacio foi reenchido de construccións petreas, inutilizando a muralla e probablemente abrindo ou transformando a entrada que lle da acceso construíndo nela unha escaleira flanqueada con machóns. A pesar de que todas estas obras parecen ser sensiblemente contemporáneas non vemos aquí a aplicación dun plano ordenador que deixase rúas e prazas, tan vulgares nos poboados do Sul da actual Galicia ou de Entre Douro e Minho; antes polo contrario encontramos un amoreamento de casas, en gran desorde —polo menos aparente, desde a óptica do urbanismo das outras áreas—, deixando espacios mortos entre as casas, sempre perxudiciais para a salubridade do poboado, e pasos tan estreitos que con gran dificultade poderían ser utilizados. Examinando a planta

vemos que todo o espacio está ocupado por edificacións, agás unha pequena zona comprendida entre as dúas casas oblongas da fase anterior e extendéndose un pouco para Este.

No exterior das casas hai poucos muros e non detectamos ningún "barrio" ou "casa-patio". Dentro da área excavada vemos o mesmo construccións circuares ou oblongas, de dimensións diversas, mais todas elas con paredes pétreas, de bloques ben cortados e asentados ca axuda de xabre e pequenas rachas, ou a seco. As caras internas presentan un aparello de dimensións máis reducidas. Ningunha das construccións, como xa denantes fixemos notar, presentou porta ou vestíbulo, nin ningún tipo de elemento pétreo decorado; esta última carencia era lóxico esperala por tratarse dun castro do Convento Lucense. Non existe en ningún caso cubrición de tégula e imbrex, nin vestixios doutros materiais duradeiros, agás os xa comentados bloques de barro con improntas, dos que xa dixemos que a súa aplicación era máis ben dubidosa.

As casas ocupadas nesta fase son: a gran casa oblonga erguida na Fase II A, no interior da cal vemos un novo chan de terra pisada con lareiras e moito carbón, ó que se sobrepón un estrato de habitación con terra castaña acincentada, rica en restos de combustión e con abondoso espolio metálico e cerámico (Fig. VII-1 e 2, estrato 4). Darredor desta construcción as lareiras dipérsanse tanto en dirección á muralla (Fig. VII-2, estrato 4), perto da cal atopamos un concheiro (Fig. VII-3, estrato 3) con osos largos, como para Este.

A esta casa séguese para nascente outra grande circular, cunha área interior de cerca de 18 m.^{2} cun piso de barro fino cuberto por unha camada de carbón e cinzas. O espolio no seu interior foi reducido, polo que xulgamos que debeu ter existido un período de abandono con acumulación lenta de terra fina antes da caída das paredes, as cales aínda se conservan en todo o perímetro á altura dun metro en relación co solo interno, polo que a entrada debería de estar bastante alta (Fig. VIII, 2).

O lado desta, e parcialmente implantadas sobre as murallas, están dúas casas oblongas, una delas de pequenas dimensións, aproximadamente 12,5 m.^{2} de área interior, e outra de maior tamaño, pero que non calculamos por ter desaparecido máis dunha terceira parte do muro (Fig. VIII, 2). Ó Este desta última apareceu outra edificación cunha planta moi extraña que denota a presencia de reformas e engadidos xusto na confluencia de G 9 con G 10. Convén que nos paremos un pouco nela.

O lenzo de muro que voltea cara ó N. arráncase cunha fiada de pedras asentadas verticalmente, como se se tratara dunha porta, pero non temos dúbida de que o outro muro, o que ven do Sul encostaba ahí, polo que descartamos a hipotese da porta. O conxunto, ó que falta o muro en toda a súa cara Este, sospeitamos que pudo ser desfeito involuntariamente nos traballos de Luengo, por correr pegado e paralelo a outro dunha casa por él excavada na campaña de 1970, ofrécenos polo antes dito unha forma extraña e ocupa unha extensa área. Unha gran parte da casa estaba ocupada por unha potente lareira con catro bloques de pedra moi pulidos conformando unha posible estructura, pola ubicación parece como se quixeran delimitar a zona de lume, que pola falta doutros elementos intermedios non somos capaces de interpretar con absoluta certeza. Perto dun deles, en G 10 e metido de cheo dentro da lareira atopouse un furado para poste reforzado con laxas colocadas de canto. Espallados por riba da lareira apareceron gran cantidade de bloques de barro con improntas de ramas, pero, se ben todo estaba moi fragmentado, nalgúns vese perfectamente que se lle tiñan practicado uns pequenos furados circulares. Por esta característica coidamos que estamos diante da presencia dun forno do tipo dos que teñen aparecido noutros xacementos, vg. en Castromao (Celanova, Ourense), ou ben dunh parrilla. (Lám. XII, 2).

Posiblemente o furado de poste, único na casa, tivera máis relación ca lareira que ca cubrición de aquela; chegamos a esta conclusión valorando tres factores: enorme área a cubrir, planta extraña e mal imbricada, e sobre todo a gran extensión da lareira que debía soster un lume de considerable altura. Por todo esto, inclinámonos a pensar que cecáis este recinto nunca estivera cuberto, funcionando os muros como separación e protección do lume para que non se extendese ás vivendas veciñas, relativamente bastante separadas da lareira, tendo en conta o amoreamento das casas que nun primeiro momento fixemos notar. Podería tratarse dun obradoiro.

Por baixo das paredes destas tres últimas construccións aínda están visibles os restos do primitivo muro do sector (Lám. IV, 2).

Na zona Norte da área, xa en parte excavada por Luengo, quen se queixa da pouca potencia, polo que decide ir máis ó Sul, recuperamos, prácticamente nos alicerces as casas que aquel tiña descubertas como I e II, esta última bastante desplazada no seu plano e con aproximadamente 25 m.^{2} de área interior. Estas casas, o mesmo que parte doutra, tamén ablonga e situada en C 5, D 4 e 5, por carecer de potencia e estar total ou parcialmente remexidas non ofreceron espolio. Ainda atopamos unha derradeira casa ablonga nesta área, ocupando preferentemente os cadrados C 6 e C 7 (Fig. VIII, 1). Ofreceunos a particularidade de estar subdividida, prácticamente polo centro, por un muro lixeiramente curvo. A súa área interior ten aproximadamente 25 m.^{2}. A construcción desta casa orixinou a desfeita do muro largo da casa oblonga citada na fase II A. A esta casa máis antiga xa comentamos na descripción da fase anterior que, non soio se lle desfai unha boa parte nesta Fase II B, senón que vai pechada por un muro que lle vai conferir unha for-

ma lixeiramente circular.

No exterior desta casa vemos o arranque de dous muros que tiñan sido cortados, como poidemos verificar, pola excavación de 1969-70 e próximo corre tamén outro, casique recto, de construcción pouco sólida e que non parece facer parte de parede de habitación, senón máis ben ter sido exterior, cunha función que o seu estado de conservación non nos permite interpretar. Un muro, que tamén consideramos exterior, non de habitación, corre tamén desde E 10 até encostar co muro do recinto extraño en planta que comentábamos enriba.

Continuando a excavación chegamos a dúas casas circulares xa limpas por Luengo. Tentamos levar as lecturas estratigráficas até as súas paredes externas, que non tiñan sido excavadas totalmente, para podelas integrar nunha visión de conxunto. A casa Luengo V ten os alicerces moi perto do chan natural, abrindo unha vala nos estratos anteriores e cortando o muro mais antigo (Fig. IX, 2). Unha camada de xabre no punto onde se abreu a vala indícanos en qué estrato foi feita a construcción; co número IV tiña excavado outra casa circular de 14 m.^{2} de área interna, onde fora visible un pavimento de terra pisada cuberta por carbón e unha lareira constituída por tres laxes de gran colocadas en pé. O alicerce, escalonado do lado da pendente, da maior seguridade á parede. Un corte até a parede externa (Fig. X-2) mostrounos que, como no caso anterior esta construcción tiña cavado unha vala pora colocar os alicerces, destruíndo así os estratos anteriores. Trátase pois tamén de obras encadradas nesta Fase II B.

O espolio da Fase II B encóntrase casique todo él concentrado na zona Sul desta plataforma media do poboado, sendo as casas dos cadrados A a D prácticamente estériles, polas razóns apuntadas.

Uteis metálicos

Referirémonos en primeiro lugar a un pequeno acobillo descoberto encostado á cara interna do muro da gran casa oblonga no espacio do cadrado F 5. As pezas apareceron agrupadas, mais directamente na terra, se ben podemos pensar que no seu día tiveran estado dentro dalgún contenedor evidentemente feito de material perecedeiro. O estado de conservación é en algunhas das pezas bastante malo, ainda que foi posible reconstruir os obxetos (Fig. XI e Lám. V).

Trátase de dúas fíbulas de "Largo travessão sem espira", unha delas completa, anque fragmentada, e da outra tan soio apareceu o botón terminal; outra fíbula co pé encostado ó arco; oito aneis, algúns fragmentados, dos que dous son decorados, algo que coidamos pode ser a antena dun pequeno puñal ou remate de calesqueira outro obxeto; unha barriña de sección romboidal; e dous rollos de folla de función indefinida.

As fíbulas, de "largo travessão sem espira" son diferentes das atopadas nos estratos da Fase I, encadrándose éstas agora recollidas no modelo máis vulgarizado e cecais máis tardío, cun travesaño corto e oco no que se perdeu o eixe, e rematado por chapas circulares. Nel vai soldada a agulla. O arco é semi-circular con sección subtriangular e arista dorsal, rematando en arco fechado que entra nun encaixe do travesaño. No outro extremo vemos a goteira e o pé alto de sección en H, no que foi aplicado o remate bitroncocónico de lados curvos e borde decorado por circulos concéntricos. De outra fíbula só existía o remate, idéntico ó anterior, mais sin a decoración de circuos, e a parte superior dividida en tres seccións.

A terceira das fíbulas deste conxunto está incompleta; tamén feita en bronce, ten un arco baixo pouco espeso, de sección curva, que remata por un lado nun aro fechado e polo outro dóbrase formando un pequeno pé encostado no arco pola súa parte superior.

Dos oito anéis, feitos en bronce, dous son de sección en D bastante fina e están incompletos, polo que non se poden comparar cos restantes. Outros dous son aros fechados de diferentes diámetros e grosores que hoxe se atopan encaixados un no outro, anque parecen pezas independientes que chegaron así a nós polo azar. Outros dous son arcos cas puntas rematando en redondo; un deles remata unha punta casi xusto enriba da outra, e no segundo corre bastante unha punta sobre a outra.

Os últimos dous aneis teñen unha decoración cun motivo idéntico, pero cun espesor e resultado diferentes. Ámbolos dous conforman un nó hercúleo. Un deles é bastante simple, con chapa pouco espesa e aro estreito, tendo a parte superior decorada por aplastamento do aro e eliminación do sobrante, aparecendo sin máis complicación o motivo. O segundo ten un aro máis ancho e decorado nos bordes con glóbulos ou perlado. A parte superior ten un motivo, como dixemos, semellante ó anterior, pero neste caso foi obtido engrosando o aro para proceder logo ó martelado sobre unha posible matriz, resultando así o nó hercúleo ca decoración de perlado.

A última peza identificable é unha antena ou remate constituído por unha folla de bronce enrolada, deixando oco o seu interior. Vaise estreitando progresivamente cara a un extremo e remata alí nun abultamento.

No cadrado F 5, fora de calquera habitación e na posición indicada na estratigrafía cun asterisco (Fig. X, 1) atopouse, aillada na terra, unha arracada de ouro (Fig. XII, 1 e lám. VI, 1). É de pequenas dimensións, cun peso de 1,430 gr. e presenta unha cor pálida debido á composición rica en plata. A súa análise metalográfica, que agradecemos ó profesor

Guitián da Universidade de Santiago, ofreceunos os seguintes elementos e proporcións: Au, 60,9 %, Ag, 35,4 % e Cu, 3,63 % (35).

A forma arriñonada de laberinto, do tipo IB de Pérez Outeiriño, foi obtida recortando en primeiro lugar a placa central, que se prolonga mesmo até os espigóns de suspensión; a aquela soldáronlle dun lado e doutro as follas que conforman o laberinto. Estas follas son dúas de cada lado, unha que fai o círculo exterior e interior e outra dobrada que conforma e parte central onde é visible un remate dobrado e o outro con dúas terminacións separadas. Dous fíos de filigrana cobren as aristas dos varios círculos do laberinto e desde o dorso da arracada vemos outro fío doble cobrir a unión das follas externas e flanquear a dos outros. Chegando ó remate estos dous fíos xúntanse e, despois de martelados, reforzan os espigóns de suspensión, agás un que cobre a arista do círculo exterior.

Neste mesmo nivel, pero xa fora do tesouriño, ten aparecido unha placa de ferro (Fig. XII, 12), que da a impresión de ter sido rectangular. Nun dos extremos presenta dous cravos de cada lado, polo que sospeitamos que debía de estar enmangada nese punto. Pola esquifa porción atopada, completamente chea de orín, non somos capaces de entender a qué utensilio pertenecería. Atopouse tamén un posible anel de bronce (Fig. XII, 8 e Lám. VII, 2), así como unha cabeza de cravo (Fig. XII, 7 e Lám. VII, 2) e un anaco dunha asa, todo no mesmo metal, aplicada nunha placa que ten un remache ou cravo perto dun extremo (Lám. VII, 2); formaría parte dunha sítula.

En pasta vítrea azul apareceron varias adoas de colar, semellantes á xa comentada. Ilustramos unha na figura XII, 10a; as catro da lámina VI, 3 apareceron formando un conxunto de cinco, das que unha desfíxose no acto de atopalas. Todas son azules, pero tres, as máis grandes, son de tonalidade máis crara que as dúas pequenas.

Apareceron tamén dous fondos circulares de crisol, en pasta groseira acastañada, co interior, de textura exponxosa, arredondado e moi calcinado. Véñennos confirmar a laboura metalúrxica tamén nesta Fase II B.

Cerámica

Destacamos en primeiro lugar a gran abundancia de fragmentos de ánfora que sobrepasan con moito os cento cincuenta. En tódolos niveis do xacemento, como xa se virá observando, fomos recollendo anacos de ánfora, pero nunca nos tiñan aparecido elementos clasificadores até esta fase II B. Achamos aquí un bordo de perfil imcompleto de ánfora de pasta areenta avermellada, ben cocida, pero bastante rodada, polo que non podemos afirmar se tería un engobe branco polo exterior. Clasificámola como unha forma Dressel I b ou c, o que nos da unha cronoloxía que vai do século I a.C. ó I d.C. Este tipo, como é sabido, tiña a súa fabricación no centro de Italia (36).

Atopáronse tamén outros dous bordes e varios fragmentos da forma Haltern 70 (Fig. XVI, 2 e lám. XII, 1), que tradicionalmente se ben considerando como un recipiente para o transporte de peixe e viño desde o Sul de España. A súa pasta é rosada (37).

Damos conta do borde e colo dunha anforeta, feita con pasta fina alaranxada (Fig. XVI, 1 e lám. XII, 1).

Atopouse tamén un único anaco de tégula.

Os vasos de cerámica común están todos feitos a torno, cas pastas e acabamentos xa coñecidos. Os de maiores dimensións seguen a ser os máis numerosos, 110 bordes con perfiles diferentes que ilustramos nas figuras XVI, 3, 4 e 5; XVII, XVIII e XIX, xuntándolles algúns exemplares de dimensións medias. A estos vasos pertenecerían moitos dos 90 fondos planos. As paredes exteriores están por veces cubertas de fulixe, permanecendo nos restantes fragmentos alisadas e con marcas de espatulado. No labio de catro destes grandes vasos vemos decoracións de sulcos ou S dobles encadeados, obtidos por aplicación de matriz (Fig. XVIII, 3 e lám. X, 1) e no exterior de algúns bordes anchos e con rebaixamento interno, verificamos a existencia de incisións verticais, seguidas nun deles por un denteado oblicuo obtido por excisión (Fig. XIX, 7 e 8 e Lám. X, 1). Suliñamos tamén a existencia dun vaso de tamaño medio de pasta oscura ben alisada, sin restos de acción do lume. Está, como os demais, feito a torno. A asa, horizontal, sae do ombro para ir pegar no labio. Está decorada con círculos concéntricos seguidos de dúas escocias, que pasan, estas últimas, por baixo da asa (Fig. XVI, 3).

Outro gran vaso, tamén sin fulixe, feito a torno e con pasta acastañada oscura ben alisada, ten unha decoración de círculos concéntricos no labio e triángulos superpostos na parte superior do borde; sobre os ombros ten unha decoración de espiña de peixe (Fig. XVI, 4). Outro vaso de tamaño grande, de pasta castaña, tamén feito a torno e sin restos de fulixe, aparécenos decorado nos ombros por un cordón aplicado con incisións transversais, seguido por unha faixa de cordóns semellantes formando unha espiña (Fig. XVI, 5).

As panzas, de dimensións medias, vémolas decoradas por liñas incisas quebradas, dixitacións e acanaladuras, así como toros traballados que se transforman en series de cabezas de cravos ou puntas de diamante colocadas horizontalmente ou verticalmente (Lám. X, 3). Un fragmento presenta como decoración fiadas de glóbulos entre liñas resaltadas; outro ten un toro seguido de círculos concéntricos e de mamilas debaixo. Outro fragmento ten franxas de SS encadeadas, seguidas de rombos dobles marcados con puntos nos vértices, e a conti-

nuación un toro aplastado con rombos máis pequenos sin puntos, e debaixo triángulos marcados por dúas liñas paralelas cheas de puntos (Lám. XII, 2).

A segunda forma numéricamente máis representada é a dos púcaros de perfil en S (Fig. XVIII, 7 a 9) e fondo plano (Fig. XIX, 10) dos que temos cincuenta bordes e vinteseis fragmentos de asas, das que doce teñen sección rectangular, tres pentagonal, duas circulares e catro con sulco central; as outras cinco están decoradas con círculos (Fig. XIX, 1 e Lám. XI, 1). Estas asas, ignoramos se unha ou dúas en cada vaso, sairían do borde para o alto da panza (Fig. XIX, 1 a 3 e 6).

A decoración destes púcaros ocupa o colo, e/ou os ombros, con motivos rectilíneos incisos a pouca profundidade, formando zig-zag, rombos e bandas discontinuas de incisións oblicuas de sentido contrario (Fig. XIX 4 a 6, Lám. X, 2). Os motivos obtidos por medio de matriz non exceptúan na composición xeral de cada vaso a existencia de sulcos incisos, rombos ou toros aplicados. Temos exemplos de SS encadeados entre toros, de S simples encadeados despois de sulcos horizontais que marcan o inicio dos ombros, dunha franxa de SS dobles encadeados entre sulcos e flanqueados por series de rombos, etc. (Lám. XI, 2). Outro motivo varias veces empregado na decoración dos púcaros son os circulos, simples ou concéntricos, esixindo estes unha matriz máis elaborada. Vemos estes circulos aplicados sobre o labio dos vasos, perto do arranque da asa, e descendo ó dorso destas en ringleira única ou doble. A cativeza dos fragmentos non nos permite ver a composición obtida pola asociación do motivo de circulos con liñas incisas ou puncionamentos (Lám. XI, 1), mais temos un caso polo menos en que os círculos concéntricos se dispoñen en triángulos co vértice para baixo, despois dunha serie de S encadeados (Lám. XI, 3). Igual que os círculos, tamén os escudetes requerían matrices, que non sempre eran igualmente coidadas. O reducido tamaño dos exemplares recollidos móstranos unha serie de escudetes ca punta para baixo, (Lám. XI, 1) e, nun fragmento de maiores dimensións, vemos un conxunto de escudetes elaborados con matriz moi coidada e dispostos en triángulo, sendo o vértice de cada un sinalado con un puncionamento. (Lám. XI, 3).

Pouco numerosos, catro exactamente, son os vasos de borde virado para dentro, exemplares dos que seleccionamos tres modelos, salientando nun deles a existencia dunha aba que debía recorrer horizontalmente todo o vaso un pouco por baixo do labio (Fig. XVIII 11 a 13). A existencia de fulixe no exterior da parede indícanos que terían sido empregados no lume. Sobre a lareira, mais pendurada, estaría unha ola de borde furado para facer de asa e protexido por copas que aillasen do lume o elemento de suspensión. Como no nivel anterior, non podemos inclinarnos por considerar de prato ou cazola o fragmento de borde da Fig. XIX, 14, pois non sabemos se sería de pousar ou de suspender; únicamente podemos dar testemuño de que tiñan un diámetro considerable.

Fora desta panorámica de producción cerámica está un vaso moi tosco, feito á man, e de paredes espesas, con pasta acastañada e groseira. É unha forma casi cilíndrica con fondo plano. Non podemos suxerir nada encol da súa utilización (Fig. XIX 9).

Como nos demáis niveis recollemos fusaiolas feitas en fragmentos de parede de vaso, recortadas e furadas (Fig. XIX 15) así como circulos cerámicos tipo fusaiola, pero sin furo, dos que un estaba feito a partir dun raso decorado (Lám. XI 2, 1.º da 2.ª fila).

Tamén desta fase son dous machados pulidos de xisto e un de menor tamaño en silimanita (Fig. XIII, 1 e 2 e Lám. VII, 4) e decenas de muíños planos dos que temos poucas partes dormentes e moitas volantes fragmentadas, precisamente porque son de deterioración máis rápida (Fig. XIII, 5). Teñen tamén aparecido tres muíños circulares. (Fig. XIII, 6). Tamén en pedra foron atopados tres pesos de pescar, co seu sulco percorréndoos todo ó longo (Fig. XIII, 7), e un fragmento dun posible morteiro semellante ó atopado na Fase I.

FASE III

Trataremos agora dos estratos superficiais correspondentes á derradeira ocupación das casas e posteriores á caída da moioría das paredes, das que vemos claramente os seus arruinamentos en tódolas lecturas estratigráficas. A esta última fase tan só sabemos atribuir a construcción dun muro moi superficial, cos alicerces sobre os estratos anteriores, que atravesa a gran casa oblonga no espacio dos cadrados E,F 3.

O espolio deste nivel tanto pode ser fruto dunha ocupación no local, a máis afectada pola erosión que actúa sobre a superficie do castro, como provir de remeximentos en estratos máis antigos ou estar ligado a un eventual establecemento de habitantes noutra área do poboado transitando por aquí. Se por unha banda non quixemos xuntar estes materiais ós da Fase II B, por outra facemos notar a identidade entre eles ou mesmo, nalgún caso, a posibilidade de constituir partes dun mesmo vaso. Non podemos negar nin afirmar ningún dos supostos.

O aspecto dominante das cerámicas é o de ser feitas a torno. Outras características técnicas, sobre todo os rematados, teñen unha análise pouco significativa, debido a escasez de fragmentos e a un inmenso desgaste das superficies. Non embargantes,

algúns conservan as paredes alisadas, contrastando ca pasta areenta e chea de grans. A decoración está presente nos bordes de varios perfiles. Vémola incisa dibuxando espiña, puncionada e estampada con SS encadeados, decorando os labios, ou incisa en doble espiña no exterior dun borde (Fig. XX, 7, 9 e 10, Lám. XIII, 1 e 2). Sobre as panzas aplícanse toros horizontais ou verticais, como o da fig. XX, 11, que chega ó fondo do vaso e foi recheo de incisións fondas e decoracións feitas con matriz, co motivo do S simple ou doble e escudetes, organizadas de diferentes maneiras (Lám. XIII, 1). Se atendemos á forma dos vasos a única novedade con respecto ó xa coñecido vennos dada por un colo alto e estreito que non podemos atribuir a ningún dos exemplares cerámicos mencionados neste traballo (Fig. XX, 8).

Os muíños deste nivel superficial pertenecen ós dous modelos: planos e redondos. Tamén nestas capas máis modernas foi recollida unha pedra de gran traballada con un sulco; posiblemente se trate dun fragmento de canle. (Fig. XIII, 4).

CONCLUSIONS XERAIS

Nota aclaratoria: Terase visto que en todo momento facemos referencia ó castro dun xeito xenérico, se ben as nosas conclusións son lóxicamente froito do traballo dun sector concreto, polo que, unha vez rematado de excavar todo o conxunto, algunha daquelas podería ter que ser modificada.

A ubicación do castro de Baroña nunha irregular península xungida por un istmo a unha costa descarnada, chea de afloramentos graníticos, preséntanos un grave problema á hora de tentar explicar o por qué da elección do local, por demáis inhóspito e batido por tódolos ventos. Os habitantes do castro ocupaban un solar perfectamente defendible, mais evidentemente escaso en recursos alimenticios.

A primeira cuestión que se nos plantexa é a do aprovisionamento de agua potable. Hoxe non soio non hai ningún manantial en todo o recinto amurallado, senón que a posibilidade de que antiguamente tivera existido e agora estivera seco ou entullado non nos foi posible verificalo; pero, por outra banda, tampouco atopamos nada que nos permita pensar nun posible alxibe ou depósito de almacenamento de agua da chuvia. Este feito é un argumento a calibrar no intre de valorar a función das murallas e a tan manida idea do carácter eminentemente defensivo dos castros. Nunca os habitantes de Baroña, pola falta de agua, poderían resistir un asedio prolongado.

Inclinámonos, pois, a pensar que moitos dos grandes vasos sin restos de fulixe, que denotarían o seu emprego no lume, terían sido contenedores de agua. Perto do castro existe ainda hoxe unha braña con moita agua e, por onde pasa a actual estrada, a uns seiscentos metros do xacemento, hai unha boa fonte. De calqueira destes lugares acarrexarían a agua para o poboado.

É precisamente na devandita braña onde os moradores do castro poderían exercer algún tipo de horticultura, pois xa queda dito que todo o seu entorno é completamente ingrato e nada doado para realizar este tipo de traballo. Nos concheiros até hoxe atopados, agás dunhas landras, non constatamos ningún resto que nos permita opinar sobre o aporte vexetal á dieta alimenticia, se ben a relativa profusión de muíños planos xa desde os estratos mais antiguos ou planos e circulares nos máis modernos suxírenos que serían empregados para moer algún tipo de cereal ou as xa ditas landras, sin descartar a posibilidade da súa utilidade como muíños de mineral.

Do que non hai dúbida ningunha é de que tódolos recursos naturais e gratuítos que o entorno lles ofrecía foron explotados. Resulta evidente que non soio practicarían a recolleita de froitos, landras e leña para o lume, senón que o emprego de madeira debeu de ser considerable. A razón deste aserto ben dada pola carencia casi absolutamente total de tégulas (en toda a área excavada apareceu tan soio un pequeno fragmento, e outros poucos foron recolleitos en superficie), o que nos obliga a pensar que o teito das habitacións estaría sustentado por troncos de arbres e a cubrición, sobre madeira, ben podería ser de xestas ou cecais de palla.

Como quedou dito en varios apartados da memoria, é frecuente a aparición de restos de barro con improntas vexetais, nalgún caso non soio de remallos finos, senón tamén mesmo de táboas traballadas. Xa adiantamos no seu intre que cecais a gran casa oblonga que aparece na Fase II A tivera paredes divisorias feitas de madeira e barro.

A ningún dos materiais metálicos atopadas lle podemos adxudicar un emprego como ferramenta para talar e traballar a madeira, non embargantes hai unha certa cantidade de machados de pedra, enteiros ou partidos, algún deles con evidente desgaste de uso, que, se ben o material —casique sempre xisto— non resulta moi resistente, poderían servir para aqueles traballos.

Se a terra non é apta para o cultivo sí pode ser e debeu de ser aproveitada para o pastoreo e a caza. Os concheiros fornecéronnos grandes cantidades de osos e dentes de bóvidos, cápridos e/ou ovinos; ainda hoxe hai algún rebaño de cabras e ovellas pastoreadas nos riscos e cantiles que limitan co castro, e non podemos esquencer que no alto da serra ainda quedan moitas vacas e cabalos bravos en réxime de total libertade, polo que non resulta difícil supor que a caza maior fora abondosa mesmo perto do castro.

Se, pola fragmentación dos ósos, resulta difícil distinguir e asegurar que a proteína animal fora

aportada pola caza ou proviñera do pastoreo (non coidamos que fora posible a estabulación dentro do recinto do castro), o que non ofrece dúbidas é que os recursos que a súa condición de poboado marítimo lles ofrecía foron convenientemente aproveitados.

Se tixéramos unha estadística dos productos que os habitantes do castro extraían do mar baseándoa nos restos fornecidos polos concheiros, a conclusión á que chegaríamos sería evidentemente falsa. Esta frase está totalmente lonxe de ser retórica, pois é desgraciadamente certo que en Arqueoloxía e mesmo na Historia da Arte moitas veces estase a facer relatorios, estadísticas e a sacar conclusións baseándose únicamente nos restos atopados, cando en moitas ocasións, como é este caso, o conservado é necesariamente unha ínfima e nin tan siquera cualitativa mostra da realidade dos feitos. Tendo esto presente non pode extrañarnos que o porcentaxe que supera con moito ós demáis dos restos de cociña sexan as llapras (patella) seguidas moi de lonxe dos mexilóns (mytilus edulis) e das caramuxas (littorina littorea); atopouse tamén algunha espiña de lábrido.

O espacio intermareal ó redor do castro aínda é hoxe traballado a cotío polos pescadores ou labregos da zona, por tratarse dunha costa favorecida tanto en moluscos como en crustáceos e peixes, dos que podemos salientar as llapras, mexilóns, caramuxas, percebes e todo tipo de cangrexas e nécoras que sirven de alimento a unha grande cantidade de polbos que aproveitan as fisgas dos cantiles como coveiro. En canto ós peixes abundan os pintos, maragotas e serráns, todos eles típicos habitantes das rochas batidas polo mar, pero tampouco son alleos peixes volandeiros como os buraces, ollosmoles, pescadas ou de fondo como as fanecas. Coidamos que a razón de non ter aparecido restos de moitas destas especies débese á súa menor cantidade do componente cal así como á pouca consistencia das espiñas. Tampouco tivemos a sorte de que apareceran otolitos, que nos houberan facilitado unha preciosa información sobre calquera destos tipos de peixe de esqueleto peor conservable.

De tódolos xeitos podemos afirmar que o espacio intermareal debeu de ser continuamente explotado no marisqueo e na captura de polbos. Tamén podemos asegurar que a pesca con liña era empregada, pois, como xa se dixo, atopáronse unhas pequenas pedras pulidas e cunha fisura todo en volta que soio terían un fin práctico se foron usadas facendo o oficio de pesos de liña; non embargantes é certo que neste castro, a diferencia doutros tamén marítimos, non nos apareceu até agora ningún anzó. En canto a se empregaban redes soio podemos conxeturalo, do mesmo xeito que ningún indicio (os lábridos pódense pescar desde terra) nos permite asegurar que poseeran coñecementos e medios para pescar afastados da costa.

Como conclusión de todo o dito coidamos que o aporte dos productos mariños á dieta alimenticia foi, senón o principal e cecais a razón de ser do asentamento do castro nese lugar, dunha importancia considerable.

As manifestacións artesanais suliñables dentro das actividades dos habitantes do poboado redúcense a catro: metalurxia, labra da pedra, oleiría e tecidos.

O traballo dos metais aparece bastante ben representado ó longo de tódolos niveis do xacemento, tanto en traballo de forxa, como mesmo en restos de fundición. Se ben hai unha predominancia da manipulación do bronce, o ferro non é alleo xa desde os primeiros momentos (Fase I) de ocupación do castro, como é o caso da lámina afalcatada da figura XII, 11, así como cativos anacos de escoria.

Non imos agora voltar a falar das pezas, pois xa foron consideradas individualizadamente nos lugares pertinentes, senón simplemente faremos algunha consideración xeral sobre a importancia que esta actividade debeu de ter na vida do poboado.

Que os uteis metálicos de bronce e ferro non eran necesariamente producto de importación, demóstranolo non soio a abundancia de escorias espalladas por todo o sector excavado, senón tamén á gran cantidade de fragmentos de crisois atopados. Xa nos traballos efectuados por Luengo tiñan aparecido, e un deles mesmo cunha torta de fundición que denota unha actividade investigadora, pois os componentes era Cu máis Fe. Se os exemplares citados apareceron nun mesmo recinto (fora da muralla transversal a carón da escala de acceso á plataforma meia), os fragmentos atopados nas campañas de 1981 a 1984 non identifican un local adicado exclusiva ou preferentemente á actividade metalúrxica. Cecais a gran construcción de extraña planta levantada na Fase II B tivera esa finalidade; permítenos pensar eso o que xa temos comentado: posible falta de teito, gran lareira de moita potencia e restos dun forno ou parrilla.

O anaco de molde para a elaboración de asas metálicas é outra testemuña da actividade metalúrxica. Nada podemos opinar sobre se a arracada de ouro xa estudiada sería un producto de importación ou se tería sido feita no propio castro.

O traballo da pedra ocupou unha parte considerable da actividade artesanal dos habitantes do poboado. Xa desde os primeiros momentos do asentamento na plataforma meia atopamos murallas e a casa oblonga que comentamos ó tratar da Fase I. A ocupación deste sector do castro seguirase a desenrolar até chegar á eclosión da Fase II B. Deixamos para o seu momento a interpretación xeral do plano, centrándonos agora tan soio na técnica empregada.

Toda a pedra de gran empregada nas construcións, presumiblemente cortada dos grandes penedos do propio xacemento, pois a composición así o indica, foi en maior ou menor medida traballada para, cando menos, careala; esto xa dende as obras máis antigas. As pedras das murallas, algo máis grandes que as das habitacións están asentadas a seco e racheadas con cuñas de xisto —tamén existente en rochas do castro e arredores—, o que denota que eran canteiros conocedores do oficio, pois este tipo de rachas produce un resultado cementicio algo semellante ó que sucede ca incorporación de cunchas como material constructivo.

Convén suliñar a preferencia da pedra de gran sobre o xisto para facer os bloques dos paramentos.. Coidemos que esto haino que por en relación ca diferente técnica de traballo que esixen os dous tipos de rochas; o castro, como xa queda dito ó falar da súa situación, está ubicado na Galicia granítica, polo que os seus constructores, anque tiñan a man diversos materiais empregaron aquel do que mellor coñecían o traballo. Este dado pode ter o significado, hoxe imposible de demostrar, de que as xentes que se asentaron aquí procedían da mesma área xeolóxica; non debemos esquencer que os castros situados en áreas eminentemente xistosas están feitos nese material cunha técnica impecable.

Sin pretender tirar conclusións xerais sobre desplazamentos de xentes, baseadas nun soio xacemento, sí pensamos que, neste caso, os castrexos de Baroña non deberían de proceder dunha área moi lonxana.

A pedra de gran foi empregada non soio nas defensas e edificacións, senón que está presente tamén na fabricación de muiños, dos que teñen aparecido 5 naviformes con uns 65 anacos de volantes —lóxicamente as pezas máis perecedeiras— e 7 circulares. Estos últimos estannos novamente testemuñando o traballo da pedra a pico. En xisto apareceron machados de pedra pulida, feitos posiblemente nese material pola súa facilidade de exfoliación que facilitaba grandemente a confección dos mesmos. No seu momento tamén fixemos mención dunha pequena machada de silimanita.

Polo que respecta á cerámica casique toda ela é de fabricación rexional. Cando fomos describindo esta clase de espolio evitamos conscientemente facer unha análise dos paralelos. Dúas razóns influíron nesta decisión: por unha banda coidamos que o fin dun relatorio de excavacións consiste en dar a coñecer uns materiais e uns resultados encadrados no seu contexto cultural e cronolóxico, pero sin que elo signifique a realización dun estudio comparativo e pormenorizado de todas e cada unha das pezas e tipos; a outra razón ven dada, neste caso concreto, pola falla de publicacións das memorias de excavación e dos estudios específicos sobre o tema. Non ignoramos que a cerámica de Baroña presenta paralelos en toda a orla costeira das Rías Baixas: Nadelas, A Lanzada, Montalegre, Vigo, As Cíes, Toraia, Santa Trega, etc., polo que se dou en falar duns tipos cerámicos marítimos, pero cecais teña que ser axiña cambeada esta denominación a tenor dos materiais atopados recentemente en castros da Galicia interior.

Non imos pois aventurar nada entramentras non aparezan máis memorias de excavacións, xa feitas, a partir das cales poderanse confeccionar unhas tipoloxías, unhas posibles áreas de dispersión e unhas rutas de intercambeo. Descoñecemos por tanto se toda a cerámica con paralelos noutros xacementos chegou a Baroña como producto dunha troca —tampouco, por cautela, imos empregar a verba comercio, que implica unha estructura económica dunha complexidade que está por verificar para o mundo castrexo— ou se os mesmos modelos, máis ou menos standarizados, eran elaborados polos habitantes de cada castro.

Por razóns obvias nada podemos dicir doutro tipo de traballo como é o tecido e vestuario. Soio podemos supolo por meios indirectos, como son as máis de vinte fusaiolas e as fíbulas atopadas. Polo tamaño dunha delas tamén podemos deducir a existencia de prendas de abrigo pesadas, pero destos elementos non podemos extraer conclusións máis concretas. Tampouco é este o lugar para repetir o que xa os lectores coñecen sobre o vestuario castrexo a partir dos dados fornecidos polas fontes literarias e artísticas (guerreiros).

Antes de concluir este apartado faremos mención dunha derradeira actividade artesanal que sin dúbida foi unha das razóns da ubicación do castro na beira do mar. Referímonos á pesca. Ó Falar da subsistencia xa fixemos notar que non hai nada que nos permita pensar que os castrexos de Baroña exerceran a pesca desde embarcacións, pero evidentemente tampouco hai nada que indique o contrario. Xa queda dito neste traballo que a situación do poboado é, ainda hoxe, privilexiada para capturar gran variedade de especies. Que o marisqueo debeu de ser algo cotidiano atestíguanno os varios concheiros atopados; descoñecemos a magnitude dos que cita González-García Paz, pero debemos facer notar que os mencionados por Luengo e os excavados por nós son insignificantes. Os restos de cada un deles serían sin traballo superados polos desperdicios dunha merenda dun reducido número de persoas; por conseguinte non podemos extraer deles conclusións esaxeradas.

Non embargantes podemos pensar que, se ben a hixiene —por fortuna— non caracterizaba á cultura castrexa, no caso de Baroña, rodeada de mar e cantiles, moitos restos de comida poideron ter sido deitados fora do recinto e ter desaparecido. Que a limpeza non era habitual nesta sociedade próbao, entre outras moitas cousas, o feito de deixar no chan das vivendas tódolos desperdicios e, cando éstes chegaban a un certo nivel, botar por riba deles

un novo piso. Que esta falta de hixiene é unha fortuna para o arqueólogo non precisa explicación.

Unhas pedras con función de chumbos para pescar á liña —polo seu tamaño e feitura non poderían ser pesos de rede, como erróneamente se lles chama nalgunhas publicacións doutros xacementos— soio nos indican que pescaban, pero non onde; e as espiñas que diferenciamos, de lábrido, tampouco botan luz sobre a cuestión, pois estos peixes teñen o seu ecosistema tanto en mar aberto como na costa, con tal que haxa cantiles, pois é ben sabido que a súa alimentación consiste sobre todo na mexilla que roen cos seus fortes e adiantados dentes.

Desgraciadamente temos que teorizar sobre a base do atopado, non do que poido ter existido.

Anque non dubidamos da existencia da horticultura nada podemos falar dela nin por suposto dos métodos de traballo. As landras que atopamos proceden evidentemente da simple recolleita e non tivemos a sorte de recoller variedades de sementes tan comúns noutros xacementos. Ainda non obran no noso poder os resultados dunhas análises polínicas que se están a facer. Os restos óseos dos concheiros permítennos pensar nun pastoreo sin esquencer a caza.

Como conclusión deste apartado podemos dicir, sin moito risco, que debeu existir unha organización social do traballo e unha especialización, pois, se ben é certo que aínda hoxe nas actuais comunidades rurais tradicionais existe unha certa autosuficiencia nunha variedade de productos artesanais, a complexidade das técnicas, que van desde a metalurxia á pesca, pasando pola posible alfarería e o traballo da pedra, tivo que esixir unha división do traballo.

Baroña, como calqueira outro castro da época sería un poboado económicamente autosuficiente dentro dunha economía primaria de subsistencia.

Se examinamos a magnitude do perímetro murado e o propio plano do recinto, temos que concluir que existeu unha organización socia dentro do poboado.

Non imos repetir aquí o xa dito sobre a complexidade das murallas de Baroña; o que sí queremos notar e que a construcción dunha muralla hai que considerala como un traballo non productivo, polo que necesariamente esixe a existencia dunha autoridade que ordene e dirixa o seu erguemento; outro tanto teremos que dicir do plano habitacional. Necesariamente tivo que existir alguén que decidira qué áreas do castro iban ser edificadas e cómo habería que facelo. Xa queda dito nesta memoria que o castro, ou cando menos a plataforma meia por nós excavada, pasou por varias fases constructivas. Poidemos verificar que a muralla transversal foi feita na Fase I, cando soio temos unha habitación —a casa oblonga— nese sector. Ante ese feito soio entendemos dúas alternativas: ou había máis habitantes noutro sector, por exemplo na plataforma excavada por Sebastián González-García Paz ou na plataforma superior, ainda por excavar, e neste suposto trataríase dunha ampliación por aumento demográfico, ou ben na plataforma meia habería outras construccións feitas con materiais perecedeiros das que non nos chegaron restos. Precisamente tendo en conta esta segunda posibilidade excaváronse con sumo coidado as áreas nas que apareceron lareiras exteriores, sin que poidéramos constatar nin restos de furados de poste —por outra banda non necesariamente imprescindibles para erguer unha chouza de madeira— nin nada que nos fixera pensar nun posible piso, sempre pouco consistentes en Baroña, pero apreciables. É, pois, máis lóxico decidirse pola primeira das suxerencias.

Fora como fose, a construcción desa muralla, cunha función máis de soporte de terras para as posteriores edificacións que de defensa, esixiría unha autoridade que a fixera erguer, e, como fixemos notar no punto anterior, unha división do traballo.

Vemos tamén como na Fase II B todo o sector se enche de edificacións, polo que ó quedar esquifo o espacio constructivo, varias delas aséntanse enriba da propia muralla-soporte.

A organización interna do poboado resulta moi pouco clara. Non falamos dunha falla de urbanismo, porque coidamos que sempre se está a empregar este concepto dende unha óptica romana. A separación do castro en zonas habitadas foi feita adrede, e a escaleira descuberta por Luengo indícanos unha vontade de organización. É evidente que o plano seméllasenos algo anárquico, deixando espacios mortos entre as casas e dificultando a libre circulación. Sin ánimo de recurrir a paralelismos etnográficos non podemos esquencer que aquela suposta anarquía está aínda hoxe presente nas aldeas galegas, e o feito de deixar focos de insalubridade entre as casas coidamos que é un importante factor a ter en conta para achegarnos ó carácter dos castrexos, xa que indican un acendrado individualismo e cecais un marcado sentido da propiedade que os levaría a evitar sempre as paredes medianeiras.

De tódolos xeitos, examinando o plano atopamos unha cativa zona de respeto que debeu de funcionar como praza pública, sin enlousar pero lugar común, e cecais por esto teña aparecido alí a arracada de ouro que algunha meniña tería perdido ó xogar nesa zona. Non podemos esquencer que o castro está batido de tódolos ventos, polo que, anque xulgamos que as murallas exteriores deberon de acadar unha moi considerable altura non chegaría para protexer do vento, de ahí que esa pe-

quena área rodeada totalmente de casas tería sido o espacio máis confortable da plataforma e por eso quedou sin edificar. Voltamos pois á suxerencia dunha autoridade planificadora.

Fora de todo o exposto nada hai que denote unha estratificación social, cando menos dende o punto de vista económico, pois tanto na construcción das casas, como no espolio nelas atopado non advertimos diferencias indicadoras. Somente na gran casa oblonga apareceu o tesouriño xa estudiado, pero fíbulas, contas de colar, etc. atopáronse ciscadas por todo o recinto; polo tanto, non podemos pensar que en tódalas casas non houbera axuares semellantes. Precisamente a arracada, única peza en ouro, non se pode vencellar a aquela nin a outra vivenda, por ter sido perdida nun lugar público. O tesouriño apareceu alí porque alí quedou esquencido. O matiz coidamos que é interesante, xa que, como queda dito no seu lugar, despois da Fase II B o castro foi abandonado (poucos restos hai atribuíbles á Fase III), polo que os seus moradores recolleron todo o que tiñan de valor, deixando soio os fragmentos de cerámica, os obxectos anteriormente perdidos e algunha que outra cousa esquencida. Nun estudo arqueolóxico non debemos deixar de ter presente o que a cotío sucede e cómo sucede, e os traslados de domicilio deixan sempre o mesmo tipos de restos.

Tampouco os productos foráneos, como as ánforas, permiten ver diferencias, xa que os seus fragmentos apareceron ciscados por igual en toda a plataforma.

Non queremos rematar este punto sin dar a coñecer a nosa opinión sobre a función das murallas castrexas. Non imos espor aquí todolos argumentos por estar un dos firmantes a analizalos polo miudo noutro traballo. Precisamente un castro distínguese a primeira vista por ser un poboado fortificado, e resulta evidente que toda defensa leva implícita a idea de autoprotección. Sin perder esto de vista é certo que unha muralla cumple outras moitas funcións, dependendo das épocas e das circunstancias; por exemplo, unha muralla non soio evita ou frena un asalto, tamén protexe a seguridade e intimidade dos que viven dentro dela en tempos de paz, marca e acota un espacio habitacional, impide a expansión anárquica, prestixia ós habitantes, etc.

Centrándonos en Baroña temos que concordar en que as súas murallas son imponentes, e érguense mesmo nos inexpugnables cantiles que chegan ós 25 m. en vertical sobre o propio mar. É unha norma elemental da estratexia que todo muralla debe protexer un espacio, mesmo visualmente, e desde logo, por moi altas que foran as de Baroña, que o eran, permitirían a un posible atacante ver o interior do recinto desde fora.

Coidamos, pois, que as murallas deste castro, feitas e refeitas nun período non que non existe, a primeira vista, ningún enemigo potencial, terían máis unha finalidade de peche, prestixio, etc..., que unha función estrictamente defensiva. Voltaráse sobre o tema nun estudio máis globalizador aplicable ó mundo castrexo.

É obvio que soio os materiais atopados nos permiten tocar o tema dos intercambios, pois fallan estudios zonais e de conxunto que falen dun movimento monetario (nin unha soia moeda ten aparecido até hoxe en Baroña) ou dunhas áreas e rutas de troca de materiais.

A abundancia de crisois, o molde de asa e as escorias fálannos dunha metalurxia que necesariamente precisaba da adquisición de materias primas. Posiblemente a casiterita procedera da mina xa antesdita situada perto do castro, pero sin dúbida tiñan que importar cobre, así como mineral de ferro. Temos por tanto uns primeiros productos foráneos. Que traballaban o ferro a partires do mineral indícao a abundancia de escorias que non poden proceder dunha simple forxa, se ben debemos recoñecer que a metalurxia do ferro esixe un tipo de fornos que nós non atopamos. Estos minerais poderían chegar ó castro procedentes dunha troca local ou rexional.

Está presente tamén a adquisición de productos do mundo romano. Os aneis do tesouriño son boa proba deso, así como as adoas de pasta vítrea, e a arracada, pero sobre todo están xeralizadas as ánforas, que, polo que ten aparecido até agora, correspondense cos tipos **Haltern 70**, polo que, en principio están a testemuñar unha relación de intercambeo co Sul da Península, e supomos que, polo menos neste caso de Baroña non traerían peixe, e outros, como o borde dunha forma **Dressel I b ou c**, que, como é sabido, tiña o seu lugar de fabricación no centro de Italia, o que non quere dicir que chegara directamente de alá.

Temos tamén que dar conta dun anaco de tégula atopada entre as pedras da muralla transversal. Foi o único que apareceu na excavación de toda a plataforma meia, se ben na área traballada no ano 1933 foron recolleitos algúns fragmentos en superficie.

A todo esto redúcense os productos foráneos achados no castro. ¿Qué se ofrecería en troca?... Por todo o exposto até aquí non temos resposta certa a esta cuestión. ¿Sería estaño da mina veciña da que, como dixemos, temos referencias de que teñen aparecido nela muíños, o que nos está a falar dunha explotación?; ¿cecais peixe, o que indicaría que a principal actividade desta xente sería o traballo da pesca?. Nada sabemos, como tamén descoñecemos as rutas empregadas, se eran por terra ou se se trataba dun transporte por meio da navegación de cabotaxe. Esta segunda vía ten en contra a dificultade de atraque ó castro, por ser sempre unha zona batida polo oleaxe, pero nada nos impide pen-

sar que os castrexos chegaron cas súas posibles embarcacións ós barcos foráneos, que os esperarían fondeados a unha prudencial distancia das rompentes. No estado actual dos nosos coñecementos calquera das opcións por separado ou as dúas son igualmente válidas.

Cronoloxía

Xa temos comentado que o primeiro excavador do castro non aventura ningunha data para o mesmo, entramentras que Luengo coida que debeu de funcionar entre o século IV a.C. e os comenzos do século I d.C.

Os elementos que nós temos para situar cronolóxicamente o xacemento son realmente escasos, pero podemos constatar os seguintes: desde o primeiro momento, Fase I, atopamos construccións pétreas cas pedras traballadas a pico para presentar cara; as formas e decoracións das cerámicas indíxenas, casique todas elas, xa tamén desde os inicios, feitas cando menos a torno lento; as ánforas son coñecidas tamén desde os estratos máis antigos. Todo esto inclínanos a pensar nunhas datas que non deberían de ir máis atrás do s. I. a.C. Os materiais romanos, aneis e sobre todo os bordes de ánfora atopados nos niveis superiores, lévannos desde mediados do s. I a.C. até os fins do s. I d.C. e o mesmo poderíamos dicir das contas de pasta vítrea. A aparición do tesouriño con fíbulas de "largo travessão sem espira" do tipo clásico no Noroeste, no mesmo nivel das devanditas ánforas, lévannos a retrasar a cronoloxía proposta até hoxe para elas (38), máxime tendo en conta que as achadas na fase inmediatamente anterior son tamén de "largo travessão sem espira", pero dun modelo que xulgamos máis arcaico.

Trátase, pois, dun xacemento, repetimos unha vez máis que os dados proceden da excavación dunha das tres plataformas, que parece ter tido unha vida corta, dende o s. I a.C. posiblemente até os fins do s. I d.C., tendo en conta que as transformacións habituais a partires dos séculos I e II d.C., tanto na cultura material, como na organización do espacio, non están presentes neste xacemento dunha forma clara, o que tal vez fora difícil de explicar tan soio seguindo o criterio da marxinalidade.

NOTAS

(1) PARGA PONDAL, Isidro: *Mapa petrográfico estructural de Galicia. E. 1:400.000.* Instituto Geológico y Minero de España. 1963. GUITIAN RIVERA, Luis: *El medio físico de la Península de Barbanza.* Santiago, 1978. BOUHIER, Abel: *La Galice. Essai geographique d'Analyse et d'interpretation d'un vieux complexe agraire.* 2 Tomos. La Roche-sur-Yon (Vendée), 1979.

(2) NONN, E.: *Les régions côtières de la Galice (Espagne). Étude géomorphologique.* Publications de la Faculté de Lettres de l'Université de Strasbourg. Thèse, 1966, pp. 331 ss.

(3) CARRE ALDAO, E.: *Provincia de La Coruña* in *Geografía de Galicia* de CARRERAS CANDI. T II, s/d. pp. 587-601.

(4) LOPEZ CUEVILLAS, Florentino e BOUZA BREY, Fermín: *Prehistoria e Folklore da Barbanza.* NOS, n.º 46, 1927, pp. 9 ss.; n.º 47, 1927, pp. 3 ss.; n.º 49, 1928, pp. 7 ss.; n.º 50, 1928, pp. 20 ss.; n.º 51, 1928, pp. 43 ss.; n.º 52, 1928, pp. 71 ss.

(5) LOPEZ CUEVILLAS, Florentino: *Las joyas castreñas.* C.S.I.C. Madrid, 1951.

(6) CALO LOURIDO, Francisco e GONZALEZ REBOREDO, Xosé Manuel: *Estación de arte rupestre de Leiro (Rianxo-A Coruña).* Sep. de Gallaecia, 6. Departamento de Prehistoria y Arqueología. Santiago, 1980. Amais deste patroglifo hai outros nesta banda sul do Barbanza.

(7) CALO LOURIDO, Francisco e SIERRA RODRIGUEZ, Xosé Carlos: *As oríxenes do castrexo no Bronce Final.* Universidade de Santiago e Instituto de Estudios Galegos Padre Sarmiento do C.S.I.C., Santiago, 1983, pp. 19-85.

(8) LOPEZ FERREIRO, Antonio: *Historia de la Santa A.M. Iglesia de Santiago de Compostela.* Santiago, 1898, pp. 268-274.

(9) CARRE ALDAO, E.: *Op. cit.*, páx. 596. LOPEZ FERREIRO, Antonio: *Op. cit.*, páx. 273.

(10) Todo o exposto encol da ara a Diana e da lápida de Rufinusé da autoría do catedrático da Historia Antigua da Universidade de Santiago Dr. Xerardo Pereira Menaut. Agradecemos esta puntual e valiosa colaboura.

(11) FITA, F.: *Nuevas lápidas romanas de Noya, Caudo, Cerezo y Jumilla.* B.R.A.H., 59, 1911, pp. 398 ss.

(12) SAMPEDRO Y FOLGAR, Casto: *Documentos, inscripciones, monumentos, extractos de manuscritos, tradiciones, etc. para la Historia de Pontevedra. Publícanse por la Sociedad Arqueológica.* T. II, Pontevedra, 1904, pp. 98 ss. IDEN.: *Libro de oro de la provincia de Pontevedra,* Pontevedra, 1931, páx. 33.

(13) ACUÑA CASTROVIEJO, Fernando e MILLAN GONZALEZ-PARDO, Isidoro: *Ara con texto métrico de San Orente de Entines (Coruña).* Emérita XXXIX, 1971, pp. 345-361.

(14) PIERNAVIEJA, P.: *Corpus de inscripciones deportivas de la España Romana. Madrid, 1977, pp. 41 ss.*

(15) SOLIN, H.: Die innere Chronologie des römischen Cognomens. Coll. Int. L'Onomastique Latine, París, 13-15, Oct. 1975 (París, 1977), páx. 118.

(16) ARIAS VILAS, F., LE ROUX, P et TRANOY, A.: *Inscriptions romaines de la province de Lugo,* París, 1979.

(17) PENA, M.J.: *Contribución al estudio del culto de Diana en Hispania, I: Templos y fuentes epigráficas,* in *La religión Romana en Hispania,* Madrid, 1979 (Madrid, 1981), páx. 49.

(18) BARROS SIVELO, Ramón: *Antigüedades de Galicia.* Coruña, Imprenta de D. Domingo Puga, 1875, páx. 208.

(19) MURGUIA, Manuel: *Historia de Galicia,* vol. II, Coruña, 1905, páx. 681.

(20) MURGUIA, Manuel: *Op. cit.* páx. 681.

(21) FERNANDEZ GARCIA, Xosé: *3.ª xeira, BARBANZA, 1933.* NOS, T. X., páx. 141.

(22) CARRE ALDAO, E.: *Op. cit.*, páx. 599.

(23) GONZALEZ-GARCIA PAZ, Sebastián: *Noticia de las excavaciones arqueológicas de los castros de Borneiro y Baroña.* Bol. de la Universidad de Santiago (Homenaje a Rodríguez Cadarso), 1933, pp. 20 ss.

(24) LUENGO MARTINEZ, José María: *Excavaciones en el castro céltico de Baroña (La Coruña). Campañas de 1969-1970.* Noticiario Arqueológico Hispánico, XVI, 1971, pp. 245 ss.

(25) FERREIRA DE ALMEIDA, Carlos Alberto: *Cultura Gastreja, evolução e problemática.* Arqueología, n.º 8. Grupo de estudos arqueológicos do Porto, 1983, páx. 72.

(26) FERNANDEZ GARCIA, Xosé: *Op. cit.*, páx. 141.

(27) GONZALEZ-GARCIA PAZ, Sebastián: *Op. cit.* páx. 21.

(28) LUENGO MARTINEZ, José María: *Op. cit.*, páx. 250.

(29) DEL ALAMO, Mateo e PEREZ DE URBEL, Justo: *Viaje a Galicia de Fray Martín Sarmiento (1754-1755).* C.E.G. Anexo III, Santiago, 1950, páx. 46, nota 41.

(30) DE LAS CASAS, Alvaro et alii: *ULTREYA. 3.ª xeira. BARBANZA, 1933.* NOS. T. X, 1933, pp. 136-143.

(31) LUENGO MARTINEZ, José María, *Op. cit.*, páx. 258. GUITIAN RIVERA, F. e VAZQUEZ VARELA, J.M.: *Contribución al estudio de la metalurgia del Bronce en la Cultura Castreña.* Gallaecia, 1. 1975, páx. 109-118.

(32) Deliberadamente decidimos non facer un inventario das pezas, numerando todas e cada unha delas, por considerar que este traballo pouco máis valor ten que encher follas nunha memoria de excavación. Coidamos que ese tipo de traballo é exclusivamente museístico, de catalogación. Para este relatorio optamos por agrupar os fragmentos significativos incardinandoos directamente no seu nivel e contexto cronolóxico. Facémonos, pois, conscientemente responsables desta opción.

(33) CASTRO NUNES, José de: *Novos elementos para o estudo da arte castreja em Portugal.* Revista de Guimarães, LXVIII 1958, 323-336.

(34) FERREIRA DE ALMEIDA, Carlos Alberto: *Cerâmica Castreja.* Sép. do vol. LXXXIV da Revista de Guimarães, 1975.

(35) PEREZ OUTEIRIÑO, Bieito: *De ourivesaría Castrexa. I Arracadas.* Boletín Auriense. Anexo 1. Museo Arqueolóxico Provincial, Ourense, 1982. Na páx. 93 agradece o autor que lle tivéramos facilitado información sobre esta arracada que él engade ás do tipo IB "semellante á arracada de *Burela*, pero cunha concepción decorativa diferente.

(36) LAMBOGLIA, Nino: *Sulla cronologia delle anfore romane di età repubblicana (II°-1° secolo a. C.)*, dans RSL, XXI, 1955, pp. 241-270.

(37) ALARCÃO, Jorge et alii: *Fouilles de conimbriga, VI. Céramiques diverses et verres.* Mission archéologique français au Portugal et Musée monographique de Conimbriga. París, 1976. pp. 83 ss.

(38) FARIÑA BUSTO, Francisco: *As fíbulas de "longo travessão sem espira" nos castros do NW. peninsular.* Bol. Auriense, ano IX, Ourense, 1979, pp. 27-49.

FIGURAS

Fig. I

Fig. II



Fig. IV



Fig. V



CASTRO DE BAROÑA

(PORTO DO SON)

COORDENADAS DE ZONAS CERCANAS IMPORTANTES

	X	Y
Enxa	166,324	912,884
Pta. do Son.	165,457	915,583
Loura	158,544	918,011

Eje máximo del recinto ..... 235m.

Superficie dentro de murallas 22.622 m^2

ESCALA ... 1:250

Vicente Lourido Ferrin
ingeniero técnico agrícola.-Pta. Son



Fig. VI



Fig. XII 1



Fig. VII 2



Fig. VII 3



Fig. VIII 1



Fig. VIII 2



Fig. IX 1



Fig. IX 2



Fig. X - 1



Fig. X - 2



Fig. XI

Escala 1/1



FIG. XII



Fig. XIII Escala 1/10



Fig. XIV Escala 1/2



Fig. XV

Escala 1/2



1



2



3



4



5

Fig. XVI

Escala 1/2



FIG. XVII

Escala 1/2



Fig. XVIII

Escala 1/2



Escala 1/2 *Fig. XIX*



Fig. XX

Escala 1/2



1



2



3

4

5



6

7



8

Fig. XXI

Escala 1/2

LAMINAS

Lámina II









Lámina IV







Lámina VIII











Lámina X







Lámina XII



ARQUEOLOXÍA/MEMORIAS 6

CASTRO DE BARONA

(Porto do Son. A Coruña)

Campañas 1980/84

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA E BENESTAR SOCIAL
DIRECCIÓN XERAL
DE CULTURA E PATRIMONIO HISTÓRICO - ARTÍSTICO
Servicio de Arqueoloxía